



**SESIÓN ORDINARIA DO
EXCELENTÍSIMO CONCELLO
PLENO DE DATA DOCE DE
SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE
E CATRO**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 12 de setembro de 2024. Baixo a presidencia da **Excm. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO
POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.^a Rosalía López Sánchez
D.^a Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.^a Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.^a M^a Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE
(PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.^a Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
D.^a Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.^a Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.^a Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.^a Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**SESIÓN ORDINARIA DEL
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO
PLENO DE FECHA DOCE DE
SEPTIEMBRE DE DOS MIL
VEINTICUATRO**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 12 de septiembre de 2024. Bajo la presidencia de la **Excm. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO
POPULAR (PP)**

*D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.^a Rosalía López Sánchez
D.^a Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.^a Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.^a M^a Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DE LOS
SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE
(PSdeG-PSOE)**

*D. José Manuel Lage Tuñas
D.^a Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
D.^a Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.^a Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.^a Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.^a Montserrat Paz Romero*

**GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO (BNG)**



D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.^a Avia Veira González
D.^a María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e cinco minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, benvidos e benvidas á sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de setembro. Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario xeral, señor interventor, personal municipal que nos acompaña así como os xornalistas e o público que nos siguen dende a Tribuna e tamén todos aqueles que seguen o Pleno dende o *streaming*.

Comezamos coa Parte Resolutiva, asunto número un, Comunicaci3ns da Alcaldía. Señor secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

Comunicaci3ns da Alcaldía

Señor Secretario

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.^a Avia Veira González
D.^a María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz*

se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

A las diez horas y cinco minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos y bienvenidas a la sesión ordinaria del Pleno correspondiente al mes de septiembre. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario general, señor interventor, personal municipal que nos acompaña así como a los periodistas y al público que nos siguen desde la Tribuna y también todos aquellos que siguen el Pleno en línea.

Comenzamos con la Parte Resolutiva, asunto número uno, Comunicaciones de la Alcaldía. Señor secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

Comunicaciones de la Alcaldía

Señor Secretario



Comunicacións da Alcaldía. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior, pero anteriormente pódense efectuar os minutos de silencio que corresponden.

90. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.

Presidencia

Ben, pois como saben, hai unha moción conxunta aprobada por unanimidade neste pleno o 14 de setembro de 2015 que acorda iniciar cada pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno.

Conforme os datos facilitados pola Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascendeu a 59 no ano 2023, 34 no ano de 2024 e 1.278 dende o 1 de xaneiro de 2003.

O número de menores asasinados ascendeu a 10 no ano 2024 e a 63 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 24 menores orfos e orfas no ano 2024 e 457 desde o ano 2013.

Desde o Pleno do 4 de xullo ata o día de hoxe, 12 de setembro, confirmáronse 15 mulleres e un menor asasinadas por violencia de xénero. Polo tanto, gardaremos 16 minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan:

1. O 5 de xullo de 2024 Rosi Villena, apelidos descoñecidos, de 67 anos, en Alicante.
2. O 5 de xullo de 2024, muller de identidade descoñecidos, de 50 anos, en Málaga. Deixa orfa unha filla menor de idade.

Comunicaciones de la Alcaldía. Aprobación del borrador del acta de la sesión anterior, pero anteriormente se pueden efectuar los minutos de silencio que corresponden.

90. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.

Presidencia

Ben, pues como saben, hay una moción conjunta aprobada por unanimidad en este pleno el 14 de septiembre de 2015 que acuerda iniciar cada pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno.

Conforme los datos facilitados por la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España ascendió a 59 en el año 2023, 34 en el año de 2024 y 1.278 desde lo 1 de enero de 2003.

El número de menores asesinados ascendió a 10 en el año 2024 y a 63 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 24 menores huérfanos y huérfanas en el año 2024 y 457 desde el año 2013.

Desde el Pleno de 4 de julio hasta el día de hoy, 12 de septiembre, se confirmaron 15 mujeres y un menor asesinadas por violencia de género. Por lo tanto, guardaremos 16 minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan:

1. El 5 de julio de 2024 Rosi Villena, apellidos desconocidos, de 67 años, en Alicante.
2. El 5 de julio de 2024, mujer de identidad desconocidos, de 50 años, en Málaga. Deja huérfana una hija menor de edad.



- | | |
|---|--|
| 3. O 6 de xullo de 2024, Susana L.V., de 48 anos, en Zaragoza. Deixa dous fillos menores de idade. | <i>3. El 6 de julio de 2024, Susana L.V., de 48 años, en Zaragoza. Deja dos hijos menores de edad.</i> |
| 4. O 13 de xullo de 2024, Juliana Denise, de apelidos descoñecidos, de 31 anos, en Buñol, Valencia. | <i>4. El 13 de julio de 2024, Juliana Denise, de apellidos desconocidos, de 31 años, en Buñol, Valencia.</i> |
| 5. O 13 de xullo de 2024, Trudy, de apelidos descoñecidos, de 76 anos, en Salou, Tarragona. | <i>5. El 13 de julio de 2024, Trudy, de apellidos desconocidos, de 76 años, en Salou, Tarragona.</i> |
| 6. O 13 de xullo de 2024, Saa Abigail, de apelidos descoñecidos, de 29 anos, en Madrid. | <i>6. El 13 de julio de 2024, Saa Abigail, de apellidos desconocidos, de 29 años, en Madrid.</i> |
| 7. O 14 de xullo de 2024, Margarita V., de apelidos descoñecidos, de 36 anos, de Villena, Alicante. | <i>7. El 14 de julio de 2024, Margarita V., de apellidos desconocidos, de 36 años, de Villena, Alicante.</i> |
| 8. O 14 de xullo de 2024 Manuela, de apelidos descoñecidos, de 32 anos, en Barcelona. Deixa catro menores orfas/os. | <i>8. El 14 de julio de 2024 Manuela, de apellidos desconocidos, de 32 años, en Barcelona. Deja cuatro menores huérfanas/os.</i> |
| 9. O 2 de agosto de 2024, muller de identidade descoñecidos, de 74 anos, na Coruña. | <i>9. El 2 de agosto de 2024, mujer de identidad desconocidos, de 74 años, en A Coruña.</i> |
| 10. O 12 de agosto de 2024, Mónica A.P., de 48 anos, en Valladolid. | <i>10. El 12 de agosto de 2024, Mónica La.P., de 48 años, en Valladolid.</i> |
| 11. O 17 de agosto de 2024, muller de identidade descoñecida, de 17 anos en Toledo. | <i>11. El 17 de agosto de 2024, mujer de identidad desconocida, de 17 años en Toledo.</i> |
| 12. O 20 de agosto de 2024, muller de identidade descoñecida, de 61 anos en Barcelona. | <i>12. El 20 de agosto de 2024, mujer de identidad desconocida, de 61 años en Barcelona.</i> |
| 13. O 20 de agosto de 2024, muller de identidade descoñecida, de 66 anos en Barcelona. | <i>13. El 20 de agosto de 2024, mujer de identidad desconocida, de 66 años en Barcelona.</i> |
| 14. O 28 de agosto de 2024, muller de identidade descoñecida, de 58 anos, en Sevilla. | <i>14. El 28 de agosto de 2024, mujer de identidad desconocida, de 58 años, en Sevilla.</i> |



15. O 2 de setembro de 2024, Lorena, de apelidos descoñecidos, de 45 anos, en Castellón. Deixa un fillo menor orfo.

16. O 3 de setembro de 2024, muller de identidade descoñecida, de 33 anos, en Madrid. Deixa un fillo e unha filla menores orfos.

Solicito a todos os presentes que se poñan en pé.

Gardáronse 16 minutos de silencio.

Moitas grazas.

O ano pasado comezábamos o curso político gardando 28 minutos de silencio por 28 mulleres asasinadas pola violencia de xénero, este ano son 16. Os números seguen a ser insoportablemente elevados. Creo que falo por todos e todas cando mostro a miña máxima condena, repulsa e rexeitamento á violencia machista que asasina as mulleres polo feito de seren mulleres. Ogallá que algún día non haxa que gardar ningún minuto de silencio. Mentres tanto, seguiremos loitando contra unha lacra que fai desta sociedade unha sociedade máis desigual e menos xusta. Así que a nosa firme condena á violencia machista.

Aprobación de actas.

91. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do 6 de xuño de 2024.

Presidencia

Aprobada a acta da sesión ordinaria do 6 de xuño de 2024 á que non constan alegacións.

92. Declaración institucional de adhesión á 3ª Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia.

Vou dar lectura ás dúas declaracións

15. El 2 de septiembre de 2024, Lorena, de apellidos desconocidos, de 45 años, en Castellón. Deja un hijo menor huérfano.

16. El 3 de septiembre de 2024, mujer de identidad desconocida, de 33 años, en Madrid. Deja un hijo y una hija menores huérfanos.

Solicito a todos los presentes que se pongan en pie.

Se guardaron 16 minutos de silencio.

Muchas gracias.

El año pasado comenzábamos el curso político guardando 28 minutos de silencio por 28 mujeres asesinadas por la violencia de género, este año son 16. Los números siguen siendo insoportablemente elevados. Creo que hablo por todos y todas cuando muestro mi máxima condena, repulsa y rechazo a la violencia machista que asesina a las mujeres por el hecho de ser mujeres. Ojalá que algún día no haya que guardar ningún minuto de silencio. Mientras tanto, seguiremos luchando contra una lacra que hace de esta sociedad una sociedad más desigual y menos justa. Así que nuestra firme condena a la violencia machista.

Aprobación de actas.

91. Aprobación del borrador del acta de la sesión ordinaria de 6 de junio de 2024.

Presidencia

Aprobada el acta de la sesión ordinaria de 6 de junio de 2024 a la que no constan alegaciones.

92. Declaración institucional de adhesión a la 3ª Marcha Mundial por la Paz y la No Violencia.

Voy a dar lectura a las dos declaraciones



institucionais acordadas pola Comisión de Voceiros. A primeira delas é unha declaración institucional de apoio ás demandas das mariscadoras e mariscadores da Ría do Burgo. Unha...
Perdón?

Perdón, a da paz. Ben, desculpen. Esa non.

Dou paso á lectura da Declaración institucional do Concello da Coruña adheríndose á 3ª Marcha mundial pola Paz e a Non Violencia.

O Concello da Coruña quere expresar o seu firme apoio e adhesión á Terceira Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia. Nun momento histórico onde a humanidade enfróntase a desafíos sen precedentes, comprometémonos cos seguintes puntos fundamentais:

1. Prohibición das armas nucleares. Solicitamos ós estados que aproben o Tratado sobre a prohibición das armas nucleares e pedimos o apoio das cidades para que presionen os seus gobernos nesta dirección a través da campaña ICAN. Hoxe en día, xa hai 93 países que o asinaron e 69 que o ratificaron.

2. Desarmamento proporcional. Promovemos a renuncia dos estados ao uso da guerra para resolver conflitos ou apropiarse de recursos naturais.

3. Obxección de conciencia. Recoñecemos a obxección de conciencia como dereito fundamental, esencial para que cada ser humano teña a opción de non colaborar coa violencia en todas as súas formas.

4. Reformar as Nacións Unidas. Urximos a reconstrución das Nacións Unidas, incluíndo no Consello de Seguridade un consello de seguridade medioambiental e

*institucionales acordadas por la Comisión de Portavoces. La primera de ellas es una declaración institucional de apoyo a las demandas de las mariscadoras y mariscadores de la Ría do Burgo. Una...
¿Perdón?*

Perdón, la de la paz. Bien, disculpen. Esa no.

Doy paso a la lectura de la Declaración institucional del Ayuntamiento de A Coruña adhiriéndose a la 3ª Marcha mundial por la Paz y la No Violencia.

El Ayuntamiento de A Coruña quiere expresar su firme apoyo y adhesión a la Tercera Marcha Mundial por la Paz y la No Violencia. En un momento histórico donde la humanidad se enfrenta a desafíos sin precedentes, nos comprometemos con los siguientes puntos fundamentales:

1. Prohibición de las armas nucleares. Solicitamos a los estados que aprueben el Tratado sobre la prohibición de las armas nucleares y pedimos el apoyo de las ciudades para que presionen a sus gobiernos en esta dirección a través de la campaña ICAN. Hoy en día, ya hay 93 países que lo firmaron y 69 que lo ratificaron.

2. Desarme proporcional. Promovemos la renuncia de los estados al uso de la guerra para resolver conflictos o apropiarse de recursos naturales.

3. Objeción de conciencia. Reconocemos la objeción de conciencia como derecho fundamental, esencial para que cada ser humano tenga la opción de no colaborar con la violencia en todas sus formas.

4. Reformar las Naciones Unidas. Urgimos la reconstrucción de las Naciones Unidas, incluyendo en el Consejo de Seguridad un consejo de seguridad medioambiental y un



un consello de seguridade socioeconómico e a supresión do dereito de veto de determinados países, unhas Nacións Unidas que velen efectivamente por todos os cidadáns do planeta, pola intervención efectiva e non violenta en caso de conflito.

5. Sustentabilidade do planeta. Defendemos asegurar as condicións para un planeta plenamente sostible, tendo en conta que é un espazo limitado a coidar entre todos con determinación. Denunciamos o expolio dos recursos naturais por parte das grandes corporacións multinacionais.

6. Integración socioeconómica. Apostamos pola integración de rexións e zonas con sistemas socioeconómicos que garantan benestar e recursos para todos, co obxectivo de erradicar a fame no mundo nos próximos dez anos.

7. Non discriminación. Reiteramos o noso compromiso coa non discriminación de ningún tipo: por razón de sexo, raza, etnia, relixión, situación económica, idade, etc.

8. Cultura da non violencia. Promovemos a non violencia como cultura e a non violencia activa como metodoloxía de acción. Para iso, impulsaremos a educación na non violencia nos plans de estudo das escolas de todos os niveis e universidades.

O Concello da Coruña reafirma o seu compromiso coa paz e a non violencia, uníndose a esta marcha mundial para traballar cara a un futuro máis xusto e humano para todos e todas.

Pasamos xa ós asuntos da Parte Resolutiva. Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda. Asunto número dous. Señor secretario.

consejo de seguridad socioeconómico y la supresión del derecho de veto de determinados países, unas Naciones Unidas que velen efectivamente por todos los ciudadanos del planeta, por la intervención efectiva y no violenta en caso de conflicto.

5. Sostenibilidad del planeta. Defendemos asegurar las condiciones para un planeta plenamente sostenible, toda vez que es un espacio limitado a cuidar entre todos con determinación. Denunciamos el expolio de los recursos naturales por parte de las grandes corporaciones multinacionales.

6. Integración socioeconómica. Apostamos por la integración de regiones y zonas con sistemas socioeconómicos que garanticen bienestar y recursos para todos, con el objetivo de erradicar el hambre en el mundo en los próximos diez años.

7. No discriminación. Reiteramos nuestro compromiso con la no discriminación de ningún tipo: por razón de sexo, raza, etnia, religión, situación económica, edad, etc.

8. Cultura de la no violencia. Promovemos la no violencia como cultura y la no violencia activa como metodología de acción. Para eso, impulsaremos la educación en la no violencia en los planes de estudio de las escuelas de todos los niveles y universidades.

El Ayuntamiento de A Coruña reafirma su compromiso con la paz y la no violencia, uniéndose a esta marcha mundial para trabajar hacia un futuro más justo y humano para todos y todas.

Pasamos ya a los asuntos de la Parte Resolutiva. Área de Urbanismo, Rehabilitación y Vivienda. Asunto número dos. Señor Secretario.



**ÁREA DE URBANISMO,
REHABILITACIÓN E VIVENDA**

ASUNTO 2

93. Expediente 620/2024/6

Addenda complementaria ao Convenio urbanístico de execución para a regularización do viario, servizos e instalacións do polígono de Pocomaco e suspensión do procedemento de execución forzosa acordado pola Xunta de Goberno Local o 25 de xaneiro de 2024.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 9 de setembro de 2024, cos votos a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e a abstención dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, proponendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro. Aprobar inicialmente a addenda con Código CSV 4N21053Q604M6T5L0UV0, como complemento ao Convenio para a regularización do viario, instalacións e servizos do Polígono de Pocomaco, aprobado inicialmente polo pleno da corporación municipal o 1 de febreiro de 2024.

Segundo. Autorizar para a sinatura da dita addenda, xunto co Convenio aprobado inicialmente polo pleno da corporación o 1 de febreiro de 2024, á Alcaldía-Presidencia, como modo de terminación convencional do procedemento de execución forzosa para a cesión dos viarios e o cumprimento dos deberes de urbanización do Polígono de Pocomaco, incoado na Xunta de Goberno Local o 25 de xaneiro de 2024 e

**ÁREA DE URBANISMO,
REHABILITACIÓN Y VIVIENDA**

ASUNTO 2

93. Expediente 620/2024/6

Adenda complementaria al Convenio urbanístico de ejecución para la regularización del viario, servicios e instalaciones del polígono de Pocomaco y suspensión del procedimiento de ejecución forzosa acordado por la Junta de Gobierno Local el 25 de enero de 2024.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 9 de septiembre de 2024, con los votos a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y la abstención de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes:

Primero. Aprobar inicialmente la adenda con Código CSV 4N21053Q604M6T5L0UV0, como complemento al Convenio para la regularización del viario, instalaciones y servicios del Polígono de Pocomaco, aprobado inicialmente por el pleno de la corporación municipal el 1 de febrero de 2024.

Segundo. Autorizar para la firma de dicha adenda, junto con el Convenio aprobado inicialmente por el pleno de la corporación el 1 de febrero de 2024, a la Alcaldía-Presidencia, como modo de terminación convencional del procedimiento de ejecución forzosa para la cesión de los viarios y el cumplimiento de los deberes de urbanización del Polígono de Pocomaco, incoado en la Junta de Gobierno Local el 25 de enero de 2024 y suspendido mediante



suspendido mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de marzo de 2024, dende a data deste último acordo ata a conclusión, sen efecto, de ser o caso, das referidas negociacións, que se constatará mediante declaración formulada pola Administración ou polos interesados.

Terceiro. Impulsar de oficio o procedemento en todos os seus trámites. Unha vez realizada a sinatura do dito convenio e da súa addenda entre a Administración municipal e a Comunidade de Propietarios de Pocomaco, tramitarase o dito convenio e a súa addenda de acordo co previsto nos artigos 165, 167 e 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e os artigos 398, 400, 401, 402 e 403 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Cuarto. Notificar o presente acordo á Comunidade de Propietarios de Pocomaco, á que se lle comunicará unha data para a sinatura do dito convenio e da súa addenda, para os efectos previstos no artigo 168.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 401.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Quinto. Facultar tan amplamente como sexa posible en Dereito ao concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana para realizar cantos actos e actuacións de impulso, trámite e execución sexan precisos en relación coa tramitación do dito convenio e da súa addenda para os efectos previstos nos artigos 168.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 401.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do solo, nomeadamente para a elaboración dunha proposta de texto definitivo do convenio

acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 20 de marzo de 2024, desde la fecha de este último acuerdo hasta la conclusión, sin efecto, de ser el caso, de las referidas negociaciones, que se constatará mediante declaración formulada por la Administración o por los interesados.

Tercero. *Impulsar de oficio el procedimiento en todos sus trámites. Una vez realizada la firma de dicho convenio y de su adenda entre la Administración municipal y la Comunidad de Propietarios de Pocomaco, se tramitará dicho convenio y su adenda de acuerdo con lo previsto en los artículos 165, 167 y 168 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia y los artículos 398, 400, 401, 402 y 403 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el Reglamento de la Ley del suelo de Galicia.*

Cuarto. *Notificar el presente acuerdo a la Comunidad de Propietarios de Pocomaco, a la que se le comunicará una fecha para la firma de dicho convenio y de su adenda, a los efectos previstos en el artículo 168.1 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia y en el artículo 401.2 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por lo que fue aprobado el Reglamento de la Ley del suelo de Galicia.*

Quinto. *Facultar tan ampliamente como sea posible en Derecho al concejal responsable del Área de Economía y Planificación Urbana para realizar cuantos actos y actuaciones de impulso, trámite y ejecución sean precisos en relación con la tramitación de dicho convenio y de su adenda a los efectos previstos en los artículos 168.3 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia y el artículo 401.4 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por lo que fue aprobado el Reglamento de la Ley del suelo, nombradamente para la elaboración de una propuesta de texto definitivo del*



unha vez rematado o período de exposición ao público, sen prexuízo de que a aprobación e ratificación do texto definitivo do convenio e da addenda lle corresponden ao pleno da corporación municipal, de conformidade co previsto nos artigos 168.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 402.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do solo.

Intervencións

Señor Secretario

Asunto número dous, Addenda complementaria ao Convenio urbanístico de execución para a regularización do viario, servizos e instalacións do polígono de Pocomaco e suspensión do procedemento de execución forzosa acordado pola Xunta de Goberno Local o 25 de xaneiro de 2024.

Presidencia

Ben, ten a palabra para expoñer o asunto o voceiro do Goberno municipal, señor Lage Tuñas, e despois haberá unha única quenda por Grupo de cinco minutos.

Señor Lage, ten a palabra.

Señor Lage Tuñas

Bo día, grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

Todos os grupos son coñecedores da proposta de convenio aprobada no Pleno do 1 de febreiro deste mesmo ano pola que este goberno, despois de máis de 50 anos, iniciou o proceso para a regularización do polígono de Pocomaco, un proceso de regularización que tamén dá conta da capacidade de diálogo e de entendemento da nosa alcaldesa e pon fin a un problema e a unha situación anómala

convenio una vez finalizado el período de exposición al público, sin perjuicio de que la aprobación y ratificación del texto definitivo del convenio y de la adenda le corresponden al pleno de la corporación municipal, de conformidad con lo previsto en los artículos 168.4 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia y en el artículo 402.1 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el Reglamento de la Ley del suelo.

Intervenciones

Señor Secretario

Asunto número dos, Adenda complementaria al Convenio urbanístico de ejecución para la regularización del viario, servicios e instalaciones del polígono de Pocomaco y suspensión del procedimiento de ejecución forzosa acordado por la Junta de Gobierno Local el 25 de enero de 2024.

Presidencia

Bien, tiene la palabra para exponer el asunto el portavoz del Gobierno municipal, señor Lage Tuñas, y después habrá un único turno por Grupo de cinco minutos.

Señor Lage, tiene la palabra.

Señor Lage Tuñas

Buenos días, gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

Todos los grupos son conocedores de la propuesta de convenio aprobada en el Pleno de 1 de febrero de este mismo año por la que este gobierno, después de más de 50 años, inició el proceso para la regularización del polígono de Pocomaco, un proceso de regularización que también da cuenta de la capacidad de diálogo y de entendimiento de nuestra alcaldesa y pone fin a un problema y a una situación



xurdida nos anos 60 do século pasado cando se planearon e se puxeron en marcha as obras do polígono.

Como saben, en calquera polígono de promoción privada, tanto como coa que estaba vixente cando se iniciaron as obras, a propiedade tiña a obriga, unha vez completados os traballos, de ceder ó Concello para a súa titularidade pública, viarios, zonas comúns previstas na normativa, mais a realidade é que a cesión da que se ten falado moito nunca chegou a culminarse. Os problemas derivados da non culminación deste procedemento son por todos coñecidos. A propiedade é a que asume os gastos de mantemento, iluminación dos viais, unha rede de alumado hoxe obsoleta na súa meirande parte, pero non só iso. Tamén existen outros problemas estruturais sobradamente coñecidos e que ademais teñen sido obxecto de debate, controversia, reflexión, pero en calquera caso, nunca de solución.

Estamos aquí para resolver problemas, problemas dos cidadáns, problemas do tecido económico e desde logo para facer que a cidade avance e que a cidade progrese, e eu creo que iso é algo facilmente compartible entre todos e todas, máis alá das diferencias partidarias ou dos xogos políticos que moitas veces son difíciles de entender. Este goberno tampouco entendeu moi ben determinadas posicións. En calquera caso, respectamos as posicións que teña cada quen, pero entendemos que no caso de Pocomaco debemos todos de ter altura de miras e resolver dunha vez un asunto que polos motivos que fose, nunca antes se resolveu, problemas que entendemos que comezarán a solucionarse a partir da posta en marcha deste acordo e tamén de que poida ser ratificado pola outra parte.

O Concello asumiría alumado,

anómala surgida en los años 60 del siglo pasado cuando se planearon y se pusieron en marcha las obras del polígono.

Como saben, en cualquier polígono de promoción privada, tanto como con la que estaba vigente cuando se iniciaron las obras, la propiedad tenía la obligación, una vez completados los trabajos, de ceder al Ayuntamiento para su titularidad pública, viarios, zonas comunes previstas en la normativa, pero la realidad es que la cesión de la que se ha hablado mucho nunca llegó a culminarse. Los problemas derivados de la no culminación de este procedimiento son por todos conocidos. La propiedad es la que asume los gastos de mantenimiento, iluminación de los viales, una red de alumbrado hoy obsoleta en su mayor parte, pero no solo eso. También existen otros problemas estructurales sobradamente conocidos y que además han sido objeto de debate, controversia, reflexión, pero en cualquier caso, nunca de solución.

Estamos aquí para resolver problemas, problemas de los ciudadanos, problemas del tejido económico y desde luego para hacer que la ciudad avance y que la ciudad progrese, y yo creo que eso es algo fácilmente compartible entre todos y todas, más allá de las diferencias partidarias o de los juegos políticos que muchas veces son difíciles de entender. Este gobierno tampoco entendió muy bien determinadas posiciones. En cualquier caso, respetamos las posiciones que tenga cada quien, pero entendemos que en el caso de Pocomaco debemos todos tener altura de miras y resolver de una vez un asunto que por los motivos que fuera, nunca antes se resolvió, problemas que entendemos que comenzarán a solucionarse a partir de la puesta en marcha de este acuerdo y también de que pueda ser ratificado por la otra parte.

El Ayuntamiento asumiría alumbrado,



mantemento de viais, servizos básicos. Será o Concello o que investirá para humanizar o polígono e impedir que se quede atrás con respecto a outras áreas industriais desta cidade nas que si está a haber investimento público. Até o de agora non foi posible facelo polo carácter privado do polígono ou polas razóns que esgrima calquera que antes tivera responsabilidades e creo que non se trata de mirar cara atrás, senón se trata de mirar cara adiante. Non se trata de ver quen non o resolveu nin de exaltar quen o resolve. O que temos é que actuar como responsables públicos que somos conscientes dunha situación e ser coherentes e consecuentes co diálogo que se mantén de forma permanente cos empresarios e empresarias do polígono.

Dende a entidade solicitáronos, para poder someter a proposta á Asamblea de Propietarios, a redacción dunha addenda que especificara as cargas económicas para cada unha das partes. Aceptamos a súa proposta e novamente acordamos con eles os termos desta addenda que xa foi aprobada inicialmente en Xunta de Goberno Local o pasado 20 de marzo, ratificada tamén pola Xunta Rectora do polígono.

En tanto que a addenda supón unha aceptación de gasto plurianual por parte do Concello e unha modificación do convenio aprobado, é preciso que sexa aprobada polo Pleno, de aí que hoxe sometamos a debate este asunto que entendo que debería de supoñer un salto cualitativo e debería de remover os obstáculos cos que se atopou con anterioridade.

Sen entrar a valorar as consideracións que se teñan feito, si nos ten trasladado un grupo municipal, neste caso o Grupo do BNG —eu quero recoñecer o seu carácter construtivo, exixente, pero construtivo—

mantenimiento de viales, servicios básicos. Será el Ayuntamiento el que invertirá para humanizar el polígono e impedir que se quede atrás con respecto a otras áreas industriales de esta ciudad en las que sí está habiendo inversión pública. Hasta ahora no fue posible hacerlo por el carácter privado del polígono o por las razones que esgrima cualquiera que antes hubiera tenido responsabilidades y creo que no se trata de mirar hacia atrás, sino se trata de mirar hacia delante. No se trata de ver quién no lo resolvió ni de exaltar a quien lo resuelve. Lo que tenemos es que actuar como responsables públicos que somos conscientes de una situación y ser coherentes y consecuentes con el diálogo que se mantiene de forma permanente con los empresarios y empresarias del polígono.

Desde la entidad nos solicitaron, para poder someter la propuesta a la Asamblea de Propietarios, la redacción de una adenda que especificara las cargas económicas para cada una de las partes. Aceptamos su propuesta y nuevamente acordamos con ellos los términos de esta adenda que ya fue aprobada inicialmente en Junta de Gobierno Local el pasado 20 de marzo, ratificada también por la Junta Rectora del polígono.

En tanto que la adenda supone una aceptación de gasto plurianual por parte del Ayuntamiento y una modificación del convenio aprobado, es preciso que sea aprobada por el Pleno, de ahí que hoy sometamos a debate este asunto que entiendo que debería de suponer un salto cualitativo y debería de remover los obstáculos con los que se encontró con anterioridad.

Sin entrar a valorar las consideraciones que se hayan hecho, sí nos ha trasladado un grupo municipal, en este caso el Grupo del BNG —yo quiero reconocer su carácter constructivo, exigente, pero constructivo—



, unha serie de documentación a cal o Goberno se manifestou non só disposto, senón que coincideu no parecer á hora de incorporar ó expediente, como coñecen os grupos, documentación que complementara a proposta xa inicialmente feita.

Os gastos previstos para a actualización das infraestruturas de Pocomaco, precisos para a súa recepción por parte do Concello, ascenden a algo máis de 3,5 millóns de euros dos que 1,5 se corresponden coa renovación e adaptación á normativa da rede de alumado, 75.000 á sinalización da senda peonil e 1,9 millóns á eliminación das canles de drenaxe inadecuadas e á implantación dun sistema de drenaxe que sexa sostible.

Aquí se incorporaron tamén repercutir proporcionalmente os costes, aínda que é unha actuación que farán os propios empresarios do polígono, e polo tanto, non o Concello, que é o que transfire unha parte de recursos, todo o que ten que ver coa coordinación da saúde e da seguridade no ámbito laboral. Repito, son orzamentos provisionais que se concretarán cando dende a entidade, que é a que executa os traballos e presenta os correspondentes proxectos, pero se entendía que era preciso que houbera o orzamento e que se puideran coñecer as diferentes unidades.

O compromiso do Goberno cos empresarios do polígono é evidente e nós entendemos que debe de ser un compromiso compartido por toda a Corporación. O Concello asumirá o 50 % dos custes dos novos sistemas de drenaxe a través da sinatura dunha subvención nominativa para as anualidades 2026 e 2027, subvención que suporá a achega por parte do Concello dunha cantidade próxima ó millón de euros. Coido que neste caso se deron tódalas facilidades

, una serie de documentación a lo que el Gobierno se manifestó no solo dispuesto, sino que coincidió en el parecer a la hora de incorporar al expediente, como conocen los grupos, documentación que complementara la propuesta ya inicialmente hecha.

Los gastos previstos para la actualización de las infraestructuras de Pocomaco, precisos para su recepción por parte del Ayuntamiento, ascienden a algo más de 3,5 millones de euros de los que 1,5 se corresponden con la renovación y adaptación a la normativa de la red de alumbrado, 75.000 a la señalización de la senda peatonal y 1,9 millones a la eliminación de los canales de drenaje inadecuados y a la implantación de un sistema de drenaje que sea sostenible.

Aquí se incorporaron también repercutir proporcionalmente los costes, aunque es una actuación que harán los propios empresarios del polígono, y por lo tanto, no el Ayuntamiento, que es el que transfiere una parte de recursos, todo lo que tiene que ver con la coordinación de la salud y de la seguridad en el ámbito laboral. Repito, son presupuestos provisionales que se concretarán cuando desde la entidad, que es la que ejecuta los trabajos y presenta los correspondientes proyectos, pero se entendía que era preciso que hubiera el presupuesto y que se pudieran conocer las diferentes unidades.

El compromiso del Gobierno con los empresarios del polígono es evidente y nosotros entendemos que debe ser un compromiso compartido por toda la Corporación. El Ayuntamiento asumirá el 50 % de los costes de los nuevos sistemas de drenaje a través de la firma de una subvención nominativa para las anualidades 2026 y 2027, subvención que supondrá la aportación por parte del Ayuntamiento de una cantidad próxima al millón de euros. Creo que en este caso se

posibles para a regularización do polígono e coido que tamén así o entendeu a Dirección da entidade, á que quero hoxe agradecer a súa capacidade de diálogo, a vontade compartida de chegar a acordos e sobre todo tamén á disposición a remover calquera obstáculo que faga viable resolver un problema que, como dicía antes, leva máis de 50 anos sen ser resolto.

A aprobación desta addenda por parte do Pleno da Corporación permitiríanos iniciar os trámites para culminar o proceso de cesión do viario público de Pocomaco, pero tamén sentar as bases do futuro do polígono, futuro con máis e mellores servizos nun espazo chamado a ser un referente empresarial en Galicia. Xa o é hoxe, pero o será moito máis se somos capaces de dar os pasos ós que estamos convocados como entidade pública e como Concello. Esta addenda volve hoxe ó Pleno completada, como dicía con anterioridade, con informes sobre o estado do Polígono, un informe que está a disposición de tódolos membros da Comisión e tamén coa resolución dunha dúbida que nalgún momento se suscitou —aínda que non a tiña este goberno— sobre os estatutos e os datos da propia entidade coa que se subscribía o acordo. Onte mesmo volveron a achegar máis datos incluso con escritura pública, etcétera.

A todo isto, creo que é hora de que lle demos unha solución, unha solución que eu creo que colle... é un principio dun camiño que se debe recorrer nos vindeiros anos cun acordo co tecido empresarial e nese sentido, pois pedir unha vez máis que despois de facer un esforzo importante coa Comunidade de Propietarios, é evidente que esto non é o punto final de nada, senón que é o comenzo dun traballo que debe de ser constante e intenso nos vindeiros anos. Isto é unha condición necesaria e, por

dieron todas las facilidades posibles para la regularización del polígono y creo que también así lo entendió la Dirección de la entidad, a la que quiero hoy agradecer su capacidad de diálogo, la voluntad compartida de llegar a acuerdos y sobre todo también a la disposición a remover cualquier obstáculo que haga viable resolver un problema que, como decía antes, lleva más de 50 años sin ser resuelto.

La aprobación de esta adenda por parte del Pleno de la Corporación nos permitiría iniciar los trámites para culminar el proceso de cesión del viario público de Pocomaco, pero también sentar las bases del futuro del polígono, futuro con más y mejores servicios en un espacio llamado a ser un referente empresarial en Galicia. Ya lo es hoy, pero lo será mucho más si somos capaces de dar los pasos a los que estamos convocados como entidad pública y como Ayuntamiento. Esta adenda vuelve hoy al Pleno completada, como decía con anterioridad, con informes sobre el estado del Polígono, un informe que está a disposición de todos los miembros de la Comisión y también con la resolución de una duda que en algún momento se suscitó —aunque no la tenía este gobierno— sobre los estatutos y los datos de la propia entidad con la que se suscribía el acuerdo. Ayer mismo volvieron a aportar más datos incluso con escritura pública, etcétera.

A todo esto, creo que es hora de que le demos una solución, una solución que yo creo que coge... es un principio de un camino que se debe recorrer en los próximos años con un acuerdo con el tejido empresarial y en ese sentido, pues pedir una vez más que después de hacer un esfuerzo importante con la Comunidad de Propietarios, es evidente que esto no es el punto final de nada, sino que es el comienzo de un trabajo que debe ser constante e intenso en los próximos años. Esto es una condición necesaria y, por



certo, algo bastante recorrente cando as organizacións políticas e sociais se reunían ó longo dos últimos, póñanlle vostedes o número de anos que queiran, o que queiran. Non se trata agora de meterlle o dedo no ollo a ninguén, pero poñan os anos que queiran, boten a vista atrás. As razóns poden ser múltiples, sen dúbida ningunha, múltiples. En calquera caso, temos na man resolver un problema. Se hai algo de discrepancia de fondo sería bo coñecelo, se non, creo que estamos diante, como dicía antes, non do fin de nada, senón do comezo de algo.

Polo tanto, pedirllas o seu apoio a todos os membros da Corporación e agardar que poidamos hoxe abrir un novo tempo e por fin poñer en marcha a normalización dunha situación que é anómala dende o século pasado.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas.

Comezamos o debate comezando polo Grupo do BNG. Señora Veira.

Señora Veira González

Grazas, señora Rey.

Ben, no Pleno de maio este grupo municipal abstívose na votación da addenda para a inclusión no convenio de Pocomaco dos compromisos para a regularización do sistema de reixas salvacunetas e da súa integración efectiva no sistema viario conforme ás indicacións das directrices de ordenación do territorio. Fixémolo por varias cuestións que se resolveron na tramitación deste expediente.

A primeira cuestión era que os estatutos achegados coa documentación eran un

cierto, algo bastante recorrente cuando las organizaciones políticas y sociales se reunían al largo de los últimos, le pongan ustedes el número de años que quieran, lo que quieran. No se trata ahora de meterle el dedo en el ojo a nadie, pero pongan los años que quieran, echen la vista atrás. Las razones pueden ser múltiples, sin duda ninguna, múltiples. En cualquier caso, tenemos en la mano resolver un problema. Si hay algo de discrepancia de fondo sería bueno conocerlo, si no, creo que estamos ante, como decía antes, no del fin de nada, sino del comienzo de algo.

Por lo tanto, pedir su apoyo a todos los miembros de la Corporación y esperar que podamos hoy abrir un nuevo tiempo y por fin poner en marcha la normalización de una situación que es anómala desde el siglo pasado.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

Comenzamos el debate comenzando por el Grupo del BNG. Señora Veira.

Señora Veira González

Gracias, señora Rey.

Bien, en el Pleno de mayo este grupo municipal se abstuvo en la votación de la adenda para la inclusión en el convenio de Pocomaco de los compromisos para la regularización del sistema de rejas salvacunetas y de su integración efectiva en el sistema viario conforme a las indicaciones de las directrices de ordenación del territorio. Lo hicimos por varias cuestiones que se resolvieron en la tramitación de este expediente.

La primera cuestión era que los estatutos aportados con la documentación eran un



documento no que non se podía verificar se eran oficiais ou non, nin estaban visados, nin tiñan ningún tipo de rexistro. Esta cuestión, como digo, resolveuse ó longo do trámite deste expediente.

A segunda cuestión á que fixemos referencia era que non se recollía no orzamento da execución da obra e que o Concello financiaría a través dunha subvención nominativo ó 50 % cuestións básicas como a dirección de obra ou a coordinación de seguridade e saúde.

E a terceira cuestión que sinalamos foi unha advertencia que facía o interventor no seu informe e no que indicaba que faltaba no expediente o informe dalgún técnico municipal que acreditase o estado das infraestruturas que se ían ceder. Esta é outra cuestión que tamén se resolveu durante o trámite deste expediente.

Entendemos, polo tanto, que os motivos das nosas dúbidas principais están resoltos e anunciamos o noso voto favorábel a este asunto.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Turno para o Partido Popular. Señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Ola, bos días a todos, a todos os membros da Corporación e a todas aquelas persoas que seguen este pleno.

Volven vostedes a traer a este pleno o asunto da addenda complementaria ao convenio urbanístico para a regularización do viario, servizos e

documento en el que no se podía verificar si eran oficiales o no, ni estaban visados, ni tenían ningún tipo de registro. Esta cuestión, como digo, se resolvió a lo largo del trámite de este expediente.

La segunda cuestión a la que hicimos referencia era que no se recogía en el presupuesto de la ejecución de la obra y que el Ayuntamiento financiaría a través de una subvención nominativo al 50 % cuestiones básicas como la dirección de obra o la coordinación de seguridad y salud.

Y la tercera cuestión que señalamos fue una advertencia que hacía el interventor en su informe y en el que indicaba que faltaba en el expediente el informe de algún técnico municipal que acreditara el estado de las infraestructuras que se iban a ceder. Esta es otra cuestión que también se resolvió durante el trámite de este expediente.

Entendemos, por lo tanto, que los motivos de nuestras dudas principales están resueltos y anunciamos nuestro voto favorable la este asunto.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Turno para el Partido Popular. Señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Hola, buenos días a todos, a todos los miembros de la Corporación y a todas aquellas personas que siguen este pleno.

Vuelven ustedes a traer a este pleno el asunto de la adenda complementaria al convenio urbanístico para la regularización del viario, servicios e infraestructuras del



infraestruturas do polígono de Pocomaco. A tramitación deste expediente comeza coa aprobación inicial do convenio que tivo lugar na sesión deste pleno celebrada o día 1 de febreiro deste ano. A nosa posición nese pleno xa foi crítica con este goberno municipal pola forma na tramitación deste expediente. A pesar diso votamos a favor desa aprobación inicial advertíndolles das contradicións e dos aspectos que estaban sen concretar no convenio. Resúmolles algunhas delas.

Entendíamos que o convenio debería ser ratificado antes pola Asemblea de Propietarios do polígono coa intención de coñecer o grao de aceptación do mesmo porque pola contra, lonxe de buscar un maior consenso, poden agravarse os receos.

Non existía no expediente ningún informe elaborado polos servizos técnicos municipais, descoñecía cal ía ser o investimento á que se comprometía a Comunidade de Propietarios e non existía ningunha valoración das actuacións que asumía o Concello, e isto viña avalado polo informe da Intervención Xeral na que se lles indicaba que os convenios de colaboración que afectan a gastos e ingresos públicos, presentes ou futuros, deberían valorar as repercusións e os efectos.

Continuando con esta tramitación desbocada xa en principio deste expediente, traen vostedes fóra da orde do día unha addenda ao convenio ao Pleno do 11 de abril que non chegou a debaterse. Volven traer dita addenda ao Pleno do 2 de maio, por suposto, sen consenso e sen diálogo.

Señora Rey, teño que dicirlle que ese diálogo do que vostede presume continuamente nas súas declaracións é

polígono de Pocomaco. La tramitación de este expediente comienza con la aprobación inicial del convenio que tuvo lugar en la sesión de este pleno celebrada el día 1 de febrero de este año. Nuestra posición en ese pleno ya fue crítica con este gobierno municipal por la forma en la tramitación de este expediente. A pesar de ello votamos a favor de esa aprobación inicial advirtiéndoles de las contradicciones y de los aspectos que estaban sin concretar en el convenio. Les resumo algunas de ellas.

Entendíamos que el convenio debería haber sido ratificado antes por la Asamblea de Propietarios del polígono con la intención de conocer el grado de aceptación del mismo porque de lo contrario, lejos de buscar un mayor consenso, pueden agravarse los recelos.

No existía en el expediente ningún informe elaborado por los servicios técnicos municipales, se desconocía cuál iba a ser la inversión a la que se comprometía la Comunidad de Propietarios y no existía ninguna valoración de las actuaciones que asumía el Concello, y esto venía avalado por el informe de la Intervención General en la que se les indicaba que los convenios de colaboración que afectan a gastos e ingresos públicos, presentes o futuros, deberían valorar las repercusiones y los efectos.

- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número doce mil doscientos cuarenta y uno (12.241), de uno de julio de dos mil veinticuatro, a la número dieciséis mil cuatrocientos ochenta y seis (16.486), de ocho de septiembre de dos mil veinticuatro.

- De los decretos de la Alcaldía, desde el número tres mil sesenta y ocho (3.068), de tres de junio de dos mil veinticuatro, al número cinco mil sesenta y siete (5.067), de ocho de septiembre de dos mil veinticuatro.



- E dos decretos da Alcaldía catro mil cento trinta e seis (DEC/AYT/4136/2024), do vinte e dous de xullo de dous mil vinte e catro, polo que se declara a emerxencia sanitaria na cidade da Coruña, catro mil douscentos trece (DEC/AYT/4213/2024), do vinte e catro de xullo de dous mil vinte e catro, polo que se contrata de emerxencia o servizo de recollida de residuos urbanos na cidade e catro mil cincocentos vinte e seis (DEC/AYT/4526/2024, do nove de agosto de dous mil vinte e catro, do cese da situación de emerxencia sanitaria.

- E do acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e catro de xullo de dous mil vinte e catro de cese e nomeamento de persoal directivo.

Señor Secretario

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

2º. Mocións

MOCIÓNs PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeira. Moción sobre o futuro urbanístico das Xubias.

Sobre esta moción constan presentadas dúas emendas polo Grupo municipal do Partido Popular e o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

Presidencia

Ben, pois comezamos coas mocións, a primeira delas presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o futuro urbanístico das Xubias.

- Y de los decretos de la Alcaldía cuatro mil ciento treinta y seis (DEC/AYT/4136/2024), de veintidós de julio de dos mil veinticuatro, por lo que se declara la emergencia sanitaria en la ciudad de A Coruña, y cuatro mil doscientos trece (DEC/AYT/4213/2024), de veinticuatro de julio de dos mil veinticuatro, por el que se contrata de emergencia el servicio de recogida de residuos urbanos en la ciudad y cuatro mil quinientos veintiséis (DEC/AYT/4526/2024, de nueve de agosto de dos mil veinticuatro, del cese de la situación de emergencia sanitaria

- Y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de veinticuatro de julio de dos mil veinticuatro de cese y nombramiento de personal directivo.

Señor Secretario

A continuación, mociones, ruegos y preguntas.

2º. Mociones

MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primera. Moción sobre el futuro urbanístico de As Xubias.

Sobre esta moción constan presentadas dos enmiendas por el Grupo municipal del Partido Popular y el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE.

Presidencia

Bien, pues comenzamos con las mociones, la primera de ellas presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el futuro urbanístico de As Xubias.



Ten a palabra a señora Veira.

Tiene la palabra la señora Veira.

Pode pasar.

Puede pasar.

Ás doce horas e vinte e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.

A las doce horas y veinticinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.

Señora Veira González

Señora Veira González

Grazas, señora Rey.

Gracias, señora Rey.

Ben, pois desde o BNG presentamos esta moción porque o temos claro: o convenio urbanístico mixto de planeamento e execución urbanística para a renovación urbana e posta en valor do espazo litoral dos polígonos RB-1, RB-2 e RB-3 dos núcleos das Xubias de Arriba e de Abaixo da Ría do Burgo aprobado na Xunta de Goberno Local do 30 de xullo deste ano, convocada de xeito extraordinario e urxente, só pretende beneficiar os intereses privados de Ginkgo e en ningún caso atender os da cidadanía coruñesa nin o interese xeral. Pasamos de que se acordase neste pleno un acordo —valga a redundancia— de suspensión de licenzas que perseguía revisar a edificabilidade vixente para protexer a nosa fachada marítima e tamén a nosa costa atendendo os obxectivos de desenvolvemento sostible, atendendo as causas e consecuencias do cambio climático que deu lugar á elaboración e tramitación por parte da Xunta de Goberno Local dunha modificación puntual do PXOM, que debería ser aprobada por maioría absoluta e con tres trámites plenarios con moitísima máis transparencia, a un convenio urbanístico aprobado en Xunta de Goberno Local, de momento, e un plan especial que se aproba en Xunta de Goberno Local que ten un trámite público e despois se aproba definitivamente neste pleno por maioría simple.

Bien, pues desde el BNG presentamos esta moción porque lo tenemos claro: el convenio urbanístico mixto de planeamiento y ejecución urbanística para la renovación urbana y puesta en valor del espacio litoral de los polígonos RB-1, RB-2 y RB-3 de los núcleos de As Xubias de Arriba y de Abaixo de la Ría do Burgo aprobado en la Junta de Gobierno Local de 30 de julio de este año, convocada de forma extraordinaria y urgente, solo pretende beneficiar a los intereses privados de Ginkgo y en ningún caso atender a los de la ciudadanía coruñesa ni al interés general. Pasamos de que se acordara en este pleno un acuerdo —valga la redundancia— de suspensión de licencias que perseguía revisar la edificabilidad vigente para proteger nuestra fachada marítima y también nuestra costa atendiendo a los objetivos de desarrollo sostenible, atendiendo a las causas y consecuencias del cambio climático que dio lugar a la elaboración y tramitación por parte de la Junta de Gobierno Local de una modificación puntual del PGOM, que debería ser aprobada por mayoría absoluta y con tres trámites plenarios con muchísima más transparencia, a un convenio urbanístico aprobado en Junta de Gobierno Local, de momento, y un plan especial que se aprueba en Junta de Gobierno Local que tiene un trámite público y después se aprueba definitivamente en este pleno por mayoría simple.

No anuncio deste convenio, a señora Rey incidiu moito nos beneficios para a cidadanía. Falaba de que ía permitir que se construíse vivenda asequíbel, que houbera vivendas sociais, pero o certo é que nada disto se menciona no convenio, nada disto, nin obriga, nin cantidades, nin porcentaxes, nin absolutamente nada. E esta non é a única cuestión na que o Goberno da señora Rey nos quere tomar o pelo en canto o das Xubias, senón que pretenden confundir a cidadanía vestindo todo como unha operación supersustentábel dicindo que o plan especial vai respectar os obxectivos do borrador da modificación puntual do PXOM que aínda non se aprobou nin inicialmente.

Nada máis lonxe da realidade. Os obxectivos dunha modificación puntual non aprobada nin en pleno non teñen ningún vigor legal, Ginkgo non ten ningunha obriga de respectalos e ademais non tería ningún sentido que os respectase se en realidade o que se fai é excluír os terreos propiedade deste fondo de investimento da API S35 da Ría do Burgo porque isto é o que aparece no convenio, señor Lage. Isto é o que aparece no convenio, páxina 28 e páxina 36 do convenio, e o que en realidade ten que facer Ginkgo é executar as determinacións urbanísticas do Plan vixente, a non ser que vostedes tramiten a modificación puntual do PXOM, porque un plan especial ten que respectar o PXOM vixente, non pode modificar as determinacións en canto a edificabilidade, aproveitamento, vivendas, etcétera. Isto na práctica implica que a edificabilidade nas Xubias non se vai rebaxar, como propoñía a modificación puntual. Pero é que ademais, o feito de que se pretenda excluír os terreos de Ginkgo do ámbito da API S35 da Ría do Burgo implica **(óese un sinal acústico indicativo da**

En el anuncio de este convenio, la señora Rey incidió mucho en los beneficios para la ciudadanía. Hablaba de que iba a permitir que se construyera vivienda asequible, que hubiera viviendas sociales, pero lo cierto es que nada de esto se menciona en el convenio, nada de esto, ni obligación, ni cantidades, ni porcentajes, ni absolutamente nada. Y esta no es la única cuestión en la que el Gobierno de la señora Rey nos quiere tomar el pelo en cuanto a lo de As Xubias, sino que pretenden confundir a la ciudadanía vistiéndolo todo como una operación supersustentable diciendo que el plan especial va a respetar los objetivos del borrador de la modificación puntual del PGOM que aún no se aprobó ni inicialmente.

*Nada más lejos de la realidad. Los objetivos de una modificación puntual no aprobada ni en pleno no tienen ningún vigor legal, Ginkgo no tiene ninguna obligación de respetarlos y además no tendría ningún sentido que los respetara si en realidad lo que se hace es excluir los terrenos propiedad de este fondo de inversión de la API S35 de la Ría do Burgo porque esto es lo que aparece en el convenio, señor Lage. Esto es lo que aparece en el convenio, página 28 y página 36 del convenio, y lo que en realidad tiene que hacer Ginkgo es ejecutar las determinaciones urbanísticas del Plan vigente, a no ser que ustedes tramiten la modificación puntual del PGOM, porque un plan especial tiene que respetar el PGOM vigente, no puede modificar las determinaciones en cuanto a edificabilidad, aprovechamiento, viviendas, etcétera. Esto en la práctica implica que la edificabilidad en As Xubias no se va a rebajar, como proponía la modificación puntual. Pero es que además, el hecho de que se pretenda excluir a los terrenos de Ginkgo del ámbito de la API S35 de la Ría do Burgo implica **(se oye una señal acústica indicativa de la***

finalización do tempo de intervención)

—e remato—, implica unha renuncia de facto a deseñar de xeito global a fachada marítima desde a Ponte Pasaxe até a praia de Oza. Ou sexa, o Goberno local renuncia a ser goberno e a deseñar desde o interese público o urbanismo da nosa cidade, deposita ese poder en terceiros, en terceiros que ademais son interesados e son propietarios, como é o fondo de investimento Ginkgo, pero a opacidade é ademais tremenda, señora Rey, porque mire, non só lle ocultou a este grupo municipal, estalles ocultando tamén a realidade ós veciños e veciñas. Por iso pedimos na moción que se reúnan cos veciños e veciñas e que informen disto.

E vou facer unha puntualización sobre a emenda do Partido Socialista. Miren, señoras e señores do Partido Socialista, señoras e señores do Goberno municipal: o movemento demóstrase andando, se queren dialogar, fágano. Non lles fai falta metelo nunha emenda (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) do Grupo Municipal do BNG. Se a súa intención é tramitar o plan especial con modificación puntual do PXOM, fágano. Non lles fai falta incluílo nunha emenda á moción do BNG, vale?

Entón, fagan as cousas, non o digan nunha moción, que é un acordo político do Pleno, e cambien o texto do convenio, porque o texto do convenio di o que di, que se exclúen os polígonos da modificación puntual e polo tanto renuncian a un deseño global da fachada marítima da nosa cidade e renuncian a ser goberno da cidade, e nós iso, como BNG, non llo imos consentir. Xa llo adiantamos.

Nada máis.

Presidencia***finalización del tiempo de intervención)***

—y finalizo—, implica una renuncia de facto a diseñar de manera global la fachada marítima desde el puente A Pasaxe hasta la playa de Oza. O sea, el Gobierno local renuncia a ser gobierno y a diseñar desde el interés público el urbanismo de nuestra ciudad, deposita ese poder en terceros, en terceros que además son interesados y son propietarios, como es el fondo de inversión Ginkgo, pero la opacidad es además tremenda, señora Rey, porque mire, no solo le ocultó a este grupo municipal, les está ocultando también la realidad a los vecinos y vecinas. Por eso pedimos en la moción que se reúnan con los vecinos y vecinas y que informen de esto.

*Y voy a hacer una puntualización sobre la enmienda del Partido Socialista. Miren, señoras y señores del Partido Socialista, señoras y señores del Gobierno municipal: el movimiento se demuestra andando, si quieren dialogar, háganlo. No les hace falta meterlo en una enmienda (**se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención**) del Grupo Municipal del BNG. Si su intención es tramitar el plan especial con modificación puntual del PGOM, háganlo. No les hace falta incluirlo en una enmienda a la moción del BNG, ¿vale?*

Entonces, hagan las cosas, no lo digan en una moción, que es un acuerdo político del Pleno, y cambien el texto del convenio, porque el texto del convenio dice lo que dice, que se excluyen los polígonos de la modificación puntual y por lo tanto renuncian a un diseño global de la fachada marítima de nuestra ciudad y renuncian a ser gobierno de la ciudad, y nosotros eso, como BNG, no se lo vamos a consentir. Ya se lo adelantamos.

Nada más.

Presidencia

Moitas grazas.

Turno do Partido Popular. Señor Lorenzo.

Señor Lorenzo Torres

Grazas a todos, bos días. Permitame, alcaldesa, con licenza, que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento á alcaldesa da Coruña, ao señor Jorquera, que quixeron acompañarme e abrazarme nun momento moi difícil da nosa vida, en nome da miña nai, dos meus irmáns e tamén, por suposto, a toda a Corporación municipal que vos dirixistes a min con tanto afecto.

E imos falar do tema, do tema que nos corresponde, que é As Xubias. Benvido ao Bloque, benvido ao Bloque ao tema das Xubias porque a min chamoume moito a atención este silencio que entendín, mesmo, que cómplice durante estes dous meses. Parecía que non chovía para ou Bloque nestes dous meses, sobre todo neste tema. Porque isto empezou o 8 de xullo, empezou o 8 de xullo cun anuncio da alcaldesa presentándose en As Xubias acompañado de representantes dun fondo de investimento estranxeiro, suízo, acompañándose dun arquitecto de renome internacional. Un pouco antes falaba vostede de Barrio Sésamo, aquilo parecía Barrio Sésamo. Ían por aí vostedes sen encomendarse a Deus nin ao diaño e sobre todo sen informar de nada os veciños. Hoxe que vostede falou tanto do diálogo, da necesidade deste diálogo, gustárame que no canto de falar predicase co exemplo, e un exemplo da falta de diálogo que ten este concello é todo o que pasou nestes dous meses de verán.

Asinaron vostedes un convenio ocultándollo a todo o mundo, mesmo aos veciños. Anunciaron sen ter os veciños ningún coñecemento do que se ía a facer

Muchas gracias.

Turno del Partido Popular. Señor Lorenzo.

Señor Lorenzo Torres

Gracias a todos, buenos días. Permitame, alcaldesa, con licencia, que mis primeras palabras sean de agradecimiento a la alcaldesa de A Coruña, al señor Jorquera, que han querido acompañarme y abrazarme en un momento muy difícil de nuestra vida, en nombre de mi madre, de mis hermanos y también, por supuesto, a toda la Corporación municipal que os habéis dirigido a mí con tanto afecto.

Y vamos a hablar del tema, del tema que nos corresponde, que es As Xubias. Bienvenido al Bloque, bienvenido al Bloque al tema de las Xubias porque a mí me llamó mucho la atención este silencio que entendí, incluso, que cómplice durante estos dos meses. Parecía que no llovía para o Bloque en estos dos meses, sobre todo en este tema. Porque esto empezó el 8 de julio, empezó el 8 de julio con un anuncio de la alcaldesa presentándose en As Xubias acompañado de representantes de un fondo de inversión extranjera, suiza, acompañándose de un arquitecto de renombre internacional. Un poco antes hablaba usted de Barrio Sésamo, aquello parecía Barrio Sésamo. Iban por ahí ustedes sin encomendarse a Dios ni al diablo y sobre todo sin informar de nada a los vecinos. Hoy que usted habló tanto del diálogo, de la necesidad de este diálogo, me gustaría que en vez de hablar predicara con el ejemplo, y un ejemplo de la falta de diálogo que tiene este concello es todo lo que ha pasado en estos dos meses de verano.

Han firmado ustedes un convenio ocultándoselo a todo el mundo, incluso a los vecinos. Han anunciado sin tener los vecinos ningún conocimiento de lo que se

alí e, xa digo, fano vostedes enchéndose de palabras, de sustentabilidade, defensa da ría, defensa do litoral, etcétera, etcétera, pero o que si é certo, o que si é certo, que pactaron vostedes cun fondo de investimento estranxeiro, un fondo de investimento que non é unha ONG, que vén, lóxicamente, como todo fondo de investimento, a facer negocio, a facer negocio en As Xubias. Entón, isto é o primeira reflexión que teñen vostedes que facer.

En segundo lugar, xa digo, teñen que dar moitas explicacións. Por que ocultaron toda esta información? Porque isto non naceu de súpeto, isto leva anos elaborándose neste concello. Si, si, si, ou se cre que nos chupamos o dedo cando vemos que se constitúe unha sociedade por ese fondo de investimento e ao día seguinte, tres días despois, compran a maioría dos terreos? Porque eu ata penso nestes momentos por que se foi o señor Villoslada naquel momento, algo que non entendía, e agora empezo a unir un pouco as casas do xeroglífico, enténdeme? Porque isto aquí pasaron cousas que descoñecemos que pasaron durante estes anos, e teñen que dar explicación, teñen que dar explicación aos veciños e teñen que dar explicación aos grupos políticos.

Eu asumo, asumo, todo o que dixo a representante do Bloque Nacionalista Galego. Estou totalmente de acordo con ela en todo o que se dixo, por iso non o vou repetir, pero quero saber por que toda a documentación pública non está exposta, faltan os anexos 3 e 4, por que descoñecemos a día de hoxe, a pesar de que o solicitamos, cal foi o acordo conciliatorio co anterior propietario, acordo de suspensión, por certo, segundo lin no documento, non de arquivo, e non sabemos cal é o resultado dese acordo e que contén ese acordo.

iba a hacer allí y, ya digo, lo hacen ustedes llenándose de palabras, de sostenibilidad, defensa de la ría, defensa del litoral, etcétera, etcétera, pero lo que sí es cierto, lo que sí es cierto, que han pactado ustedes con un fondo de inversión extranjera, un fondo de inversión que no es una ONG, que viene, lógicamente, como todo fondo de inversión, a hacer negocio, a hacer negocio en As Xubias. Entonces, esto es lo primera reflexión que tienen ustedes que hacer.

En segundo lugar, ya digo, tienen que dar muchas explicaciones ¿Por qué ocultaron toda esta información? Porque esto no nació de repente, esto lleva años elaborándose en este ayuntamiento. Sí, sí, sí, ¿o se cree que nos chupamos el dedo cuando vemos que se constituye una sociedad por ese fondo de inversión y al día siguiente, tres días después, compran la mayoría de los terrenos? Porque yo hasta pienso en estos momentos por qué se fue el señor Villoslada en aquel momento, algo que no entendía, y ahora empiezo a unir un poco las casillas del jeroglífico ¿me entiende? Porque esto aquí han pasado cosas que hemos desconocido que han pasado durante estos años, y tienen que dar explicación, tienen que dar explicación a los vecinos y tienen que dar explicación a los grupos políticos.

Yo asumo, asumo, todo lo que ha dicho la representante del Bloque Nacionalista Galego. Estoy totalmente de acuerdo con ella en todo lo que se ha dicho, por eso no lo voy a repetir, pero quiero saber por qué toda la documentación pública no está expuesta, faltan los anexos 3 y 4, por qué desconocemos a día de hoy, pese a que lo hemos solicitado, cuál fue el acuerdo conciliatorio con la anterior propietario, acuerdo de suspensión, por cierto, según leí en el documento, no de archivo, y no sabemos cuál es el resultado de ese acuerdo y qué contiene ese acuerdo.

Que vai pasar coa edificabilidade? Queremos saber que vai pasar coa edificabilidade, se van vostedes a manter aquel acordo da Xunta de Goberno de reduci-la ao 60% ou no ámbito, no ámbito, da que é propiedade este fondo de investimento suízo aí a edificabilidade vai manterse tal como (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención) (...).

Estes teñen vostedes que dar explicacións aos cidadáns porque vostedes a primeira obrigación que fixeron nese convenio é excluír, excluír da modificación puntual do PXOM S35 Ría do Burgo, excluír todos os ámbitos do obxecto do presente convenio. Ou sexa, quedan fóra un plan especial só para eles. Teñen que dar explicacións.

Falan vostedes, falan vostedes de diálogo. Teñen que dar explicacións se é ou non incompatible o traballo da señora Pardo de Vera e con ese fondo de investimento noutras cidades e aquí nomeala directora de proxectos estratéxicos.

Estas todas explicacións téñennolas que dar, por iso pídolles máis explicacións. Diálogo, o que queiran, pero sobre todo luz e taquígrafos nun tema que preocupa moito aos cidadáns, sobre todo aos cidadáns das Xubias, que algún deles levantouse pola mañá e atopouse que lle expropiaban o seu fogar.

Grazas pola súa atención.

Presidencia

Grazas, señor Lorenzo, grazas ó Grupo Popular.

Turno para o Grupo Socialista. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

¿Qué va a pasar con la edificabilidad? Queremos saber qué va a pasar con la edificabilidad, si van ustedes a mantener aquel acuerdo de la Junta de Gobierno de reducirla al 60% o en el ámbito, en el ámbito, de la que es propiedad este fondo de inversión suizo ahí la edificabilidad se va a mantener tal como (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) (...).

Estos tienen ustedes que dar explicaciones a los ciudadanos porque ustedes la primera obligación que hicieron en ese convenio es excluir, excluir de la modificación puntual del PGOM S35 Ría do Burgo, excluir todos los ámbitos del objeto del presente convenio. O sea, quedan fuera un plan especial solo para ellos. Tienen que dar explicaciones.

Hablan ustedes, hablan ustedes de diálogo. Tienen que dar explicaciones si es o no incompatible el trabajo de la señora Pardo de Vera y con ese fondo de inversión en otras ciudades y aquí nombrarla directora de proyectos estratégicos.

Estas todas explicaciones nos las tienen que dar, por eso les pido más explicaciones. Diálogo, el que quieran, pero sobre todo luz y taquígrafos en un tema que preocupa mucho a los ciudadanos, sobre todo a los ciudadanos de las Xubias, que alguno de ellos se levantó por la mañana y se encontró que le expropiaban su hogar.

Gracias por su atención.

Presidencia

Gracias, señor Lorenzo, gracias al Grupo Popular.

Turno para el Grupo Socialista. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Bueno, o Grupo Socialista, señora Veira, o que fixa é posición a través da emenda que presentamos. Non é que non..., creo que non é incompatible fixar a posición con o movemento ó que vostede fai alusión, creo que é perfectamente compatible. É dicir, creo que non ten ningún tipo de problema, pero si quero aclarar algúns aspectos que creo que me parecen importantes.

Non existe ningún tipo de opacidade e explico por que. O convenio estase a tramitar coa información ó público. É dicir, hoxe hai acceso directo por parte de calquera cidadán a esta información. Polo tanto, a primeira aseveración que se fai é falsa, eso o primeiro. O convenio estase a tramitar como manda a normativa. A maiores de dar conta del no Diario Oficial de Galicia, está a disposición no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello, na web da Sección de Urbanismo, no epígrafe de exposición pública. Pode consultarse tamén íntegra e fisicamente nas dependencias municipais da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello.

O convenio está en fase de tramitación e é un documento preparatorio, tal e como sinala a cláusula 10ª do propio convenio. Non supón en ningún caso renuncia á potestade de planeamento urbanístico municipal nin á súa dirección, sen prexuízo da colaboración das persoas legitimadas na súa tramitación. Polo tanto, estamos nunha fase inicial.

A emenda, o que vén a dicir... Eu xa entendo que cada un quere fixar unha posición nesto. Paréceme ben, eu respecto, pero estamos nunha fase de alegacións. Polo tanto, se establecerá o marco de diálogo necesario para que

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, el Grupo Socialista, señora Veira, lo que fija es posición a través de la enmienda que presentamos. No es que no..., creo que no es incompatible fijar la posición con el movimiento al que usted hace alusión, creo que es perfectamente compatible. Es decir, creo que no tiene ningún tipo de problema, pero sí quiero aclarar algunos aspectos que creo que me parecen importantes.

No existe ningún tipo de opacidad y explico por qué. El convenio se está tramitando con la información al público. Es decir, hoy hay acceso directo por parte de cualquier ciudadano a esta información. Por lo tanto, la primera aseveración que se hace es falsa, eso lo primero. El convenio se está tramitando como manda la normativa. Además de dar cuenta de él en el Diario Oficial de Galicia, está a disposición en el Tablón de Anuncios de la Sede Electrónica del Ayuntamiento, en la web de la Sección de Urbanismo, en el epígrafe de exposición pública. Puede consultarse también íntegra y físicamente en las dependencias municipales del Área de Urbanismo, Rehabilitación y Vivienda del Ayuntamiento.

El convenio está en fase de tramitación y es un documento preparatorio, tal y como señala la cláusula 10ª del propio convenio. No supone en ningún caso renuncia a la potestad de planeamiento urbanístico municipal ni a su dirección, sin perjuicio de la colaboración de las personas legitimadas en su tramitación. Por lo tanto, estamos en una fase inicial.

La enmienda, lo que viene a decir... Yo ya entiendo que cada uno quiere fijar una posición en esto. Me parece bien, yo respeto, pero estamos en una fase de alegaciones. Por lo tanto, se establecerá el marco de diálogo necesario para que todas

todas esas dúbidas que poida haber queden resoltas. Creo que a través da emenda queda resolto a disposición absoluta ó diálogo.

Eu diferencio, e o teño que dicir así, unha posición dura, crítica, benintencionada, doutro tipo de intereses. O Plan Xeral actual, señor Lorenzo, votouno vostede. Cando se fala de edificabilidades ás que fan vostedes alusión, das que nós non temos falado, son as que vostedes aprobaron. Polo tanto, paréceme un pouco hipócrita este discurso.

Si entendo todas as alusións que fagan en tanto en canto se poida mellorar unha tramitación administrativa. O convenio atópase en tramitación, vai a ser mellorado e perfeccionado. Cabe que nese traballo de perfección se fagan moitas das cousas das que se está a falar? Si. O único que non cabe é algunhas das cousas que se dixeron aquí de sembrar dúbidas, porque creo que cando hai un documento que é transparente, pode alguén establecer dúbidas ou considerar que o documento é mellorable e o Goberno está disposto a manter ese diálogo e a facer as modificacións que sexan necesarias no convenio, tendo en conta que, por unha banda, se leva traballando dende a Área de Urbanismo dende fai moito tempo nunha modificación puntual do Plan Xeral (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) —remato—, dese plan xeral ó que fixeron alusión, e contemplando a posibilidade de que ese plan especial sexa incorporado como ordenación detallada dos ámbitos ós que afecta o convenio.

En calquera caso, que posibilitará o convenio? Reubicar un equipamento deportivo, facer un espazo público aberto ó mar, ser capaces de crear un espazo sostible, pero tamén incorporar vivenda de protección. Por certo, iso non

esas dudas que pueda haber queden resueltas. Creo que a través de la enmienda queda resuelto la disposición absoluta al diálogo.

Yo diferencio, y lo tengo que decir así, una posición dura, crítica, bienintencionada, de otro tipo de intereses. El Plan General actual, señor Lorenzo, lo votó usted. Cuando se habla de edificabilidades a las que hacen ustedes alusión, de las que nosotros no hemos hablado, son las que ustedes aprobaron. Por lo tanto, me parece un poco hipócrita este discurso.

*Si entiendo todas las alusiones que hagan en tanto en cuanto se pueda mejorar una tramitación administrativa. El convenio se encuentra en tramitación, va a ser mejorado y perfeccionado ¿Cabe que en ese trabajo de perfección se hagan muchas de las cosas de las que se está hablando? Sí. Lo único que no cabe es algunas de las cosas que se dijeron aquí de sembrar dudas, porque creo que cuando hay un documento que es transparente, puede alguien establecer dudas o considerar que el documento es mejorable y el Gobierno está dispuesto a mantener ese diálogo y a hacer las modificaciones que sean necesarias en el convenio, teniendo en cuenta que, por una parte, se lleva trabajando desde el Área de Urbanismo desde hace mucho tiempo en una modificación puntual del Plan General (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) —finalizo—, de ese plan general al que hicieron alusión, y contemplando la posibilidad de que ese plan especial sea incorporado como ordenación detallada de los ámbitos a los que afecta al convenio.*

En cualquier caso, ¿qué posibilitará el convenio? Reubicar un equipamiento deportivo, hacer un espacio público abierto al mar, ser capaces de crear un espacio sostenible, pero también incorporar vivienda de protección. Por

é nin máis nin menos que cumprir a normativa. De entrada estamos a falar dun 20 % e ese convenio o que permite é integrar perfectamente a vivenda protexida na vivenda libre.

Todo isto, que coste lle terá ó Concello? Sen coste para o Concello porque hai unha inversión. A colaboración público-privada é algo que forma parte do marco legal e do Real Decreto 7/2015, pero tamén quero dicirlles que non é posible a suspensión da tramitación xa que non se dá ningún dos supostos legais recollidos no artigo 22 da Lei 39/2015. Como declaración de intencións, como declaración política podemos entender **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato— o que poñen no papel. O que lle dicimos é: primeiro, que estamos dispostos a falar da mellora do convenio e, polo tanto, a negociar o que sexa necesario; segundo, a que esa tramitación puntual da modificación do Plan Xeral incorpore ou poida incorporar ese futuro plan especial e, polo tanto, desterrar calquera tipo de dúbida sobre calquera movemento especulativo ou doutro tipo. E por certo, tamén facilitarlles toda a información á que fan referencia sobre un acordo xudicial, un acordo conciliatorio, que non ten máis obxecto que protexer os intereses e o patrimonio municipal.

E por certo, dicir claramente que apostamos e seguimos apostando pola mellora do eixo ferroviario A Coruña-Ferrol, pero iso, iso non impide que se no futuro esas vías non están aí, se contemple a posibilidade dunha rexeneración, que haxa espazos sostibles e que apostemos por espazos que faciliten a preservación dun espazo singular.

cierto, eso no es nada más y nada menos que cumplir la normativa. De entrada estamos hablando de un 20 % y ese convenio lo que permite es integrar perfectamente la vivienda protegida en la vivienda libre.

Todo esto, ¿qué coste le supondrá al Ayuntamiento? Sin coste para el Ayuntamiento porque hay una inversión. La colaboración público-privada es algo que forma parte del marco legal y del Real Decreto 7/2015, pero también quiero decirles que no es posible la suspensión de la tramitación ya que no se da ninguno de los supuestos legales recogidos en el artículo 22 de la Ley 39/2015. Como declaración de intenciones, como declaración política podemos entender (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) —finalizo— lo que ponen en el papel. Lo que le decimos es: primero, que estamos dispuestos a hablar de la mejora del convenio y, por lo tanto, a negociar lo que sea necesario; segundo, a que esa tramitación puntual de la modificación del Plan General incorpore o pueda incorporar ese futuro plan especial y, por lo tanto, desterrar cualquier tipo de duda sobre cualquier movimiento especulativo o de otro tipo. Y por cierto, también facilitarles toda la información a la que hacen referencia sobre un acuerdo judicial, un acuerdo conciliatorio, que no tiene más objeto que proteger los intereses y el patrimonio municipal.

Y por cierto, decir claramente que apostamos y seguimos apostando por la mejora del eje ferroviario A Coruña-Ferrol, pero eso, eso no impide que se en el futuro esas vías no están ahí, se contemple la posibilidad de una regeneración, que haya espacios sostenibles y que apostemos por espacios que faciliten la preservación de un espacio singular.



Ata que a alcaldesa...

Presidencia

Ten que rematar, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

... —e remato, señora alcaldesa—, ata que a alcaldesa puxo o foco nas Xubias, vostedes non pisaron As Xubias, e esa tamén é unha realidade. Si, si, esa é a realidade e apostar por preservar un espacio singular da cidade e intentar facelo da mellor forma posible non debe de ser nunca un problema.

Dito isto, toda a información. Habrá reunións coa veciñanza e habrá reunións cos grupos políticos, se os grupos políticos queren, para mellorar a proposta que está sobre a mesa. É un trámite inicial, non é a *estación termini*.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Señora Veira, acepta a emenda do Grupo Popular?

(A señora Veira asente)

Ben, pois se incorpora a emenda do Grupo Popular á moción do BNG e se vota, primeiro a emenda do Grupo Socialista e de non prosperar, a moción do BNG xa coa emenda incorporada.

Votación da emenda presentada polo Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo

Hasta que la alcaldesa...

Presidencia

Tiene que finalizar, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

... —y finalizo, señora alcaldesa—, hasta que la alcaldesa puso el foco en As Xubias, ustedes no pisaron As Xubias, y esa también es una realidad. Sí, sí, esa es la realidad y apostar por preservar un espacio singular de la ciudad e intentar hacerlo de la mejor forma posible no debe de ser nunca un problema.

Dicho esto, toda la información. Habrá reuniones con el vecindario y habrá reuniones con los grupos políticos, si los grupos políticos quieren, para mejorar la propuesta que está sobre la mesa. Es un trámite inicial, no es la “estación termini”.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Ben, muchas gracias.

Señora Veira, ¿acepta la enmienda del Grupo Popular?

(La señora Veira asiente)

Bien, pues se incorpora la enmienda del Grupo Popular a la moción del BNG y se vota, primero la enmienda del Grupo Socialista y de no prosperar, la moción del BNG ya con la enmienda incorporada.

Votación de la enmienda presentada por el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el



Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o futuro urbanístico das Xubias, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota en contra o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Queda rexeitada.

Votación da primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular, sobre o futuro urbanístico das Xubias, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota en contra o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Queda aprobada.

104. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre el futuro urbanístico de las Xubias, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota en contra el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Queda rechazada.

Votación de la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete la votación a primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular, sobre el futuro urbanístico de las Xubias, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota en contra el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Queda aprobada.

104. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Gallego



transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular sobre o futuro urbanístico das Xubias

transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular sobre el futuro urbanístico de As Xubias.

Acordo

Acuerdo

Instar o Goberno local a:

Instar al Gobierno local a:

1. Suspende o convenio asinado entre o Concello da Coruña e o fondo de investimento Gingko.

1. Suspende el convenio firmado entre el Ayuntamiento de A Coruña y el fondo de inversión Gingko.

2. Impulsar a tramitación plenaria da Modificación Puntual do PXOM na API S35 da Ría do Burgo.

2. Impulsar la tramitación plenaria de la Modificación puntual del PGOM en la API S35 de la Ría del Burgo.

3. Facer público o contido do acordo conciliatorio entre Landcompany e o Concello da Coruña que agora Gingko asume e que se nomea no contido do propio convenio e que en todo caso podería condicionar o planeamento para esta zona.

3. Hacer público el contenido del acuerdo conciliatorio entre Landcompany y el Ayuntamiento de A Coruña que ahora Gingko asume y que se nombra en el contenido del propio convenio y que en todo caso podría condicionar el planeamiento para esta zona.

4. Defender a continuidade e mellora do eixo ferroviario A Coruña-Ferrol e, polo tanto, desistir de calquera transformación das vías do tren “en paseo para peóns”, bicicletas e transporte público tal e como aparece no convenio.

4. Defender la continuidad y mejora del eje ferroviario A Coruña-Ferrol y, por lo tanto, desistir de cualquier transformación de las vías del tren “en paseo para peatones”, bicicletas y transporte público tal y como aparece en el convenio.

5. Manter informada á cidadanía da contorna afectada polo deseño urbanístico desta API.

5. Mantener informada a la ciudadanía del entorno afectado por el diseño urbanístico de esta API.

6. Informar publicamente sobre o criterio que vai seguir o Goberno municipal co resto de terreos do ámbito API S35, xa que no convenio comprométese a excluír os terreos propiedade do fondo suízo do ámbito da Modificación Puntual do PXOM.

6. Informar públicamente sobre el criterio que va a seguir el Gobierno municipal con el resto de terrenos del ámbito API S35, ya que en el convenio se compromete a excluir los terrenos propiedad del fondo suizo del ámbito de la Modificación Puntual del PGOM.

7. Analizar e informar sobre o posible conflito de intereses de Isabel Prado de Vera neste asunto urbanístico, asesora do fondo de investimento GINKGO PARTICIPATIONS III S.A.R.L. noutros proxectos urbanísticos e presentada pola

7. Analizar e informar sobre el posible conflicto de intereses de Isabel Prado de Vera en este asunto urbanístico, asesora del fondo de inversión GINKGO PARTICIPATIONS III S.A.R.L. en otros proyectos urbanísticos y presentada por la



alcaldesa no mes de abril como directora do Plan Estratéxico Municipal.

Segunda. Moción sobre a situación do Arquivo Municipal da Coruña.

Presidencia

Segunda moción do BNG relativa á situación do Arquivo Municipal.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Nesta moción propomos a adopción dunha serie de medidas para mellorar as condicións do Arquivo Municipal da Coruña nas súas dúas seccións, o Arquivo Histórico e o Arquivo Administrativo que ten dúas dependencias, unha en María Pita e outra na Agrela.

Centrándome en primeiro lugar no Arquivo Administrativo, a nave en réxime de alugueiro situada no polígono da Agrela contén documentos que abarcan desde comezos do século XX até os nosos días, mais as condicións nunca foron as idóneas. A maior parte da documentación non está descrita conforme ós estándares exixíbeis para facilitar o acceso á información e a xestión eficaz dos documentos. Tampouco son acaídas as condicións para garantir a conservación nin o persoal asignado é suficiente.

Para atender a nave o Concello contratou un servizo de celaduría cun centro especial de emprego que destinou a esta dependencia a unha única traballadora contratada como controladora de accesos, pese a que desenvolveu traballos de xestión de préstamos, devolucións, intercalacións, cotexo de documentación e rexistros topográficos que recaeron nela en exclusiva até que en 2021 o Concello asignou ó Arquivo Administrativo nas

alcaldesa en el mes de abril como directora del Plan Estratégico Municipal.

Segunda. Moción sobre la situación del Archivo Municipal de A Coruña.

Presidencia

Segunda moción del BNG relativa a la situación del Archivo Municipal.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

En esta moción proponemos la adopción de una serie de medidas para mejorar las condiciones del Archivo Municipal de A Coruña en sus dos secciones, el Archivo Histórico y el Archivo Administrativo que tiene dos dependencias, una en María Pita y otra en la Agrela.

Centrándome en primer lugar en el Archivo Administrativo, la nave en régimen de alquiler situada en el polígono de la Agrela contiene documentos que abarcan desde comienzos del siglo XX hasta nuestros días, pero las condiciones nunca fueron las idóneas. La mayor parte de la documentación no está descrita conforme a los estándares exigibles para facilitar el acceso a la información y la gestión eficaz de los documentos. Tampoco son apropiadas las condiciones para garantizar la conservación ni el personal asignado es suficiente.

Para atender la nave el Ayuntamiento contrató un servicio de celaduría con un centro especial de empleo que destinó a esta dependencia a una única trabajadora contratada como controladora de accesos, pese a que desarrolló trabajos de gestión de préstamos, devoluciones, intercalaciones, cotejo de documentación y registros topográficos que recayeron en ella en exclusiva hasta que en 2021 el Ayuntamiento asignó al Archivo

dependencias da Agrela unha arquivreira. A arquivreira e a traballadora desenvolveron un traballo ímprobo, dado que como antes sinalamos, grande parte da documentación non está descrita nin organizada, mais a apertura dun expediente por parte da Inspección de Traballo que conclúe que a nave ten unhas carencias de seguridade moi graves, motivou que a empresa fose requirida a manter a nave pechada mentres non se resolvía esta situación. Isto provoca que dende o peche haxa un elevado número de solicitudes sen atender, unha situación que pode paralizar en moitos ámbitos a actividade administrativa municipal e que non é resolúbel destinando persoas de conserjería para que vaian buscar e traer documentos alí depositados polo perigo de que a información contida se desordene ou extravíe.

É necesario lembrar que as funcións do Arquivo Administrativo son tres: reunir, conservar e servir, e actualmente, tendo en conta estas condicións, ningunha das tres pode cumprirse.

A importancia e valor do Arquivo Administrativo vén dada pola documentación que custodia, pero tamén por ser a memoria viva do Concello e da cidade, por formar parte esencial da xestión documental proporcionando antecedentes para resolucións administrativas e por ser garantía de dereitos para o Concello, pois contén documentación esencial para que o Concello poida emprender accións en defensa dos seus intereses.

Moitas destas consideracións son extensivas á situación do Arquivo Histórico situado en Durán Loriga no que ademais o persoal asignado é claramente insuficiente. O Arquivo está practicamente colapsado, dado que a insuficiencia de espacio empece que

Administrativo en las dependencias de la Agrela una archivera. La archivera y la trabajadora desarrollaron un trabajo ímprobo, dado que como antes señalamos, gran parte de la documentación no está descrita ni organizada, pero la apertura de un expediente por parte de la Inspección de Trabajo que concluye que la nave tiene unas carencias de seguridad muy graves, motivó que la empresa fuera requerida a mantener la nave cerrada mientras no se resolvía esta situación. Esto provoca que desde el cierre haya un elevado número de solicitudes sin atender, una situación que puede paralizar en muchos ámbitos la actividad administrativa municipal y que no es resoluble destinando personas de conserjería para que vayan a buscar y traer documentos allí depositados por el peligro de que la información contenida se desordene o extravíe.

Es necesario recordar que las funciones del Archivo Administrativo son tres: reunir, conservar y servir, y actualmente, teniendo en cuenta estas condiciones, ninguna de las tres puede cumplirse.

La importancia y valor del Archivo Administrativo viene dada por la documentación que custodia, pero también por ser la memoria viva del Ayuntamiento y de la ciudad, por formar parte esencial de la gestión documental proporcionando antecedentes para resoluciones administrativas y por ser garantía de derechos para el Ayuntamiento, pues contiene documentación esencial para que el Ayuntamiento pueda emprender acciones en defensa de sus intereses.

Muchas de estas consideraciones son extensivas a la situación del Archivo Histórico situado en Durán Loriga en el que además el personal asignado es claramente insuficiente. El Archivo está prácticamente colapsado, dado que la insuficiencia de espacio empece que pueda



poida recibir máis documentación, afectando ó fluxo documental. Documentación que debería estar neste arquivo segue, por mor desta situación, noutras seccións do Arquivo Municipal. A insuficiencia de espazo ademais limita o desenvolvemento das actividades didácticas, divulgativas e de investigación tan necesarias nun arquivo histórico, mais as dependencias das instalacións..., as deficiencias, perdón, non se limitan só á insuficiencia de espazo, tampouco reúne as condicións idóneas de temperatura ou humidade para garantir a boa conservación da documentación.

Abonda dicir, para ilustrar estas deficiencias, que a sala do Arquivo está situada no terceiro andar do edificio e un depósito no soto, sen que exista, por tanto, comunicación directa entre estas dependencias.

Por estas e outras moitas razóns que se expoñen na exposición de motivos, o BNG presenta esta moción para a cal solicitamos o voto favorábel.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Bos días. Moitas grazas, bos días aos traballadores dos medios de comunicación que nos acompañan, aos membros da Corporación, a aqueles que nos seguen desde este salón de plenos ou en directo onde queira que estean.

Unha vez máis volvemos a falar neste pleno de cultura, volvemos

recibir máis documentación, afectando al flujo documental. Documentación que debería estar en este archivo sigue, a causa de esta situación, en otras secciones del Archivo Municipal. La insuficiencia de espacio además limita el desarrollo de las actividades didácticas, divulgativas y de investigación tan necesarias en un archivo histórico, pero las dependencias de las instalaciones..., las deficiencias, perdón, no se limitan solo a la insuficiencia de espacio, tampoco reúne las condiciones idóneas de temperatura o humedad para garantizar la buena conservación de la documentación.

Es suficiente decir, para ilustrar estas deficiencias, que la sala del Archivo está situada en el tercer piso del edificio y un depósito en el sótano, sin que exista, por tanto, comunicación directa entre estas dependencias.

Por estas y otras muchas razones que se exponen en la exposición de motivos, el BNG presenta esta moción para la cual solicitamos el voto favorable.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para el Partido Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Buenos días. Muchas gracias, buenos días a los trabajadores de los medios de comunicación que nos acompañan, a los miembros de la Corporación, a aquellos que nos siguen desde este salón de plenos o por streaming dondequiera que estén.

Una vez más volvemos a hablar en este pleno de cultura, volvemos probablemente

probablemente a pedir o apoio dos diferentes grupos políticos, neste caso fano os compañeiros do BNG cunha moción sobre o Arquivo.

Esta casa é unha ruína, señora Rey, e o Arquivo é un exemplo máis desta ruína. A desidia do Grupo de Goberno, o abandono e o escaso mantemento acelerou a deterioración de moitos edificios, non só dos destinados á cultura, senón tamén os destinados a moitas outras actividades.

*desde que el Partido Socialista lidera el Gobierno local (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) y siempre que se pudo se hizo ampliación de crédito, como haremos ahora nuevamente tras el acuerdo con el BNG con una dotación de 120.000 euros más para completar las becas comedor de este curso académico.*

*Podemos afirmar que en estos años se fueron atendiendo nuevas demandas en nuevas realidades sociales, señor Soto. Se procuraron recoger en esta convocatoria, por ejemplo, necesidades de conciliación de familias monoparentales o custodias compartidas, entre otros aspectos. Ya se contempla en esta convocatoria del 2024. Las becas no son únicamente, las becas comedor no son únicamente una prestación asistencial, sino también un mecanismo de conciliación familiar. Por supuesto, el Ayuntamiento dispone de otros recursos y otras ayudas para atender a las personas y familias en situación de vulnerabilidad (**se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención**). Finalizo.*

Sepan que por nuestra parte haremos todo lo posible para que nadie se quede atrás.

Agradecer el trabajo de los compañeros y compañeras de Servicios Sociales y también destacar este trabajo junto con el de hasta ahora compañera concejala, señora Neira, que tuvieron un importante diálogo con las ampas, una coordinación de la que la Xunta —y finalizo— no formó parte, más bien generó problemas, como en la adecuación del número de las plazas comedor a las becas concedidas. Incluso su conselleiro, el señor Rodríguez, acusó a este gobierno de conceder demasiadas becas. Llegó a decir que concedíamos becas a gente que no lo solicitaba y que este ayuntamiento estaba inflando de forma artificial la demanda de estas ayudas.



En fin, pretenden confundir ó igual que cando se refiren ós programas de becas USA. Non hai recortes neste programa, o que houbo foi unha circunstancia puntual resolta pola Concellería de Educación coa máxima celeridade.

Moitas grazas.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Entendo que transaccionadas as emendas, votamos xa a moción completa.

Votación da primeira moción do Grupo municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, transaccionada cos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre recortes sociais municipais, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Moitas grazas.

Queda aprobada por unanimidade.

108. Moción do Grupo municipal do Partido Popular transaccionada cos

En fin, pretenden confundir al igual que cuando se refieren a los programas de becas USA. No hay recortes en este programa, lo que hubo fue una circunstancia puntual resuelta por la Concejalía de Educación con la máxima celeridad.

Muchas gracias.

Presidencia

Bien, muchas gracias.

Entiendo que transaccionadas las enmiendas, votamos ya la moción completa.

Votación de la primera moción del Grupo municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular, transaccionada con los grupos municipales del Bloque Nacionalista Galego y de los Socialistas de Galicia-PSOE, sobre recortes sociales municipales, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Muchas gracias.

Queda aprobada por unanimidad.

108. Moción del Grupo municipal del Partido Popular transaccionada con los



Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego relativa a recortes sociais municipais.

Acordo

1. Revisar os criterios que rexen as bolsas comedor para que no curso 2025-2026 se converta nunha prestación dirixida á conciliación das familias, sen menoscabo de seguir atendendo tamén ás situacións de vulnerabilidade social.

2. Ampliar o crédito dispoñible para poder incorporar a máis familias á convocatoria do curso 2024-2025 e revisar tamén de cara ao curso 2025-2026 os criterios socioeconómicos que rexerán as bases do programa de bolsas comedor.

3. Instar a Xunta de Galicia a facerse cargo da situación existente nos centros educativos, no referido ao servizo de comedor, en exercicio das súas competencias constitucionais, estatutarias e legais, de forma que se garanta o goce efectivo e digno das bolsas comedor por parte das persoas beneficiarias.

4. Licitación un novo contrato de xestión das coñecidas como Bolsas USA, que propoña a garantía de asignación de praza no centro educativo do país de destino, así como de familia de acollida aos estudantes, evitando a incerteza que supón o actual programa que se xestiona a nivel internacional, pois non ofrece as garantías suficientes ás persoas bolseiras de que poidan estudar nese país unha vez conseguida a bolsa.

5. Establecer mellores mecanismos de control para comprobar que a empresa adjudicataria e responsable da organización da viaxe e o aloxamento no caso das bolsas USA desenvolve o seu

Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego relativa a recortes sociales municipales.

Acuerdo

1. Revisar los criterios que rigen las bolsas comedor para que en el curso 2025-2026 se convierta en una prestación dirigida a la conciliación de las familias, sin menoscabo de seguir atendiendo también a las situaciones de vulnerabilidad social.

2. Ampliar el crédito disponible para poder incorporar a más familias a la convocatoria del curso 2024-2025 y revisar también de cara al curso 2025-2026 los criterios socioeconómicos que regirán las bases del programa de bolsas comedor.

3. Instar a la Xunta de Galicia a hacerse cargo de la situación existente en los centros educativos, en lo referido al servicio de comedor, en ejercicio de sus competencias constitucionales, estatutarias y legales, de forma que se garantice el disfrute efectivo y digno de las bolsas comedor por parte de las personas beneficiarias.

4. Licitación un nuevo contrato de gestión de las conocidas como Bolsas USA, que proponga la garantía de asignación de plaza en el centro educativo del país de destino, así como de familia de acogida a los estudiantes, evitando la incertidumbre que supone el actual programa que se gestiona a nivel internacional, pues no ofrece las garantías suficientes a las personas becarias de que puedan estudiar en ese país una vez conseguida la bolsa.

5. Establecer mejores mecanismos de control para comprobar que la empresa adjudicataria y responsable de la organización del viaje y el alojamiento en el caso de las bolsas USA desarrolla su



traballo correctamente.

Segunda. Moción relativa á redacción dun plan de seguridade específico contra a ocupación ilegal de inmobles.

Sobre esta moción consta presentada unha emenda do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Presidencia

Segunda e última moción do Partido Popular —bueno, terceira— sobre un plan de seguridade. Hai unha emenda do BNG.

Señora Catalán, ten a palabra.

Señora Catalán Morcillo

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Sáudos e benvidos a este curso plenario a todos os aquí presentes e ás persoas que nos seguen en liña.

Din que os grandes proxectos alcánzanse con paixón, paciencia e perseveranza. Precisamente desde o Grupo Popular traballamos apaixonadamente por un proxecto de futuro para a nosa cidade e perseveramos na absoluta inacción do Goberno de Inés Rey desde fai máis de cinco anos, sobre todo en materia de seguridade. De paciencia xa lle falarán os coruñeses, sen dúbida.

Hoxe presentamos esta moción relativa á redacción dun plan de seguridade específico contra a ocupación ilegal de inmobles, a pesar de que a señora Rey xusto onte e tras cinco anos gobernando fixo público un novo plan de seguridade que casualmente incorpora algunha das novidades desta moción, mesmo antes de aprobalas. Prodixioso, señora Rey, pero temos serias dúbidas de que execute algo dese plan, sinceramente. Iso si,

trabajo correctamente.

Segunda. Moción relativa a la redacción de un plan de seguridad específico contra la okupación ilegal de inmuebles.

Sobre esta moción consta presentada una enmienda del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego.

Presidencia

Segunda y última moción del Partido Popular —bueno, tercera— sobre un plan de seguridad. Hay una enmienda del BNG.

Señora Catalán, tiene la palabra.

Señora Catalán Morcillo

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Saludos y bienvenidos a este curso plenario a todos los aquí presentes y a las personas que nos siguen vía streaming.

Dicen que los grandes proyectos se alcanzan con pasión, paciencia y perseverancia. Precisamente desde el Grupo Popular trabajamos apasionadamente por un proyecto de futuro para nuestra ciudad y perseveramos en la absoluta inacción del Gobierno de Inés Rey desde hace más de cinco años, sobre todo en materia de seguridad. De paciencia ya le hablarán los coruñeses, sin duda.

Hoy presentamos esta moción relativa a la redacción de un plan de seguridad específico contra la okupación ilegal de inmuebles, pese a que la señora Rey justo ayer y tras cinco años gobernando hizo público un nuevo plan de seguridad que casualmente incorpora alguna de las novedades de esta moción, incluso antes de aprobarlas. Prodigioso, señora Rey, pero tenemos serias dudas de que ejecute algo de ese plan, sinceramente. Eso sí,

supoñemos que aprobarán a moción, por coherencia, máis que nada, aínda que xa sabemos como lles gusta cambiar de opinión.

Doutra banda, o BNG presentou emendas que lles adianto xa que non imos aprobar, en tanto que un partido que se xacta de preocuparse pola cidadanía e pola mocidade, pretende eludir esa canle de información que expuñamos aos afectados polas ocupacións e eliminar expeditivamente as campañas de concienciación sobre o consumo de drogas e alcol para os máis novos, algo case tan absurdo como esperar que aceptemos prescindir dos controis policiais que eviten okupacións e demais formas delituosas, outra proba máis de que salvo esa policía propia que venderon nas autonómicas, se por vostedes fose non habería ningunha forza e corpo de seguridade na rúa.

En fin, sigan facendo o que mellor se lles dá, que é bailarlle a auga ao Goberno municipal que, insisto, non ten ningún tipo de pudor en presentar publicamente o plan local de seguridade a escasas 24 horas deste pleno e practicamente coas mesmas bases desta moción.

Pero sinto dicirlle, señora Rey, que a pesar de todo chegan tarde. A fartura dos barrios afectados pola inseguridade só demostra que isto da seguridade cidadá, señora Rey, señora Paz, váiselles das mans. Por iso A Coruña volve encabezar a lista de cidades máis inseguras de toda Galicia por terceiro ano consecutivo e sen visos de mellorar, ao contrario. A ver se é certo que polo menos invisten en medios e formación para a Policía Local. Queremos ver aos axentes con todos eses medios prometidos onte e que todo isto non se converta noutra das súas estratexias erradas e acabe desprestixiando precisamente ao Corpo.

suponemos que aprobarán la moción, por coherencia, más que nada, aunque ya sabemos cómo les gusta cambiar de opinión.

Por otro lado, el BNG ha presentado enmiendas que les adelanto ya que no vamos a aprobar, en tanto que un partido que se jacta de preocuparse por la ciudadanía y por la juventud, pretende eludir ese canal de información que planteábamos a los afectados por las ocupaciones y eliminar de un plumazo las campañas de concienciación sobre el consumo de drogas y alcohol para los más jóvenes, algo casi tan absurdo como esperar que aceptemos prescindir de los controles policiales que eviten ocupaciones y demás formas delictivas, otra prueba más de que salvo esa policía propia que vendieron en las autonómicas, si por ustedes fuera no habría ninguna fuerza y cuerpo de seguridad en la calle.

En fin, sigan haciendo lo que mejor se les da, que es bailarle el agua al Gobierno municipal que, insisto, no tiene ningún tipo de pudor en presentar públicamente u plan local de seguridad a escasas 24 horas de este pleno y prácticamente con las mismas bases de esta moción.

Pero siento decirle, señora Rey, que pese a todo llegan tarde. El hartazgo de los barrios afectados por la inseguridad solo demuestra que esto de la seguridad ciudadana, señora Rey, señora Paz, se les va de las manos. Por eso A Coruña vuelve a encabezar la lista de ciudades más inseguras de toda Galicia por tercer año consecutivo y sin visos de mejorar, al contrario. A ver si es cierto que al menos invierten en medios y formación para la Policía Local. Queremos ver a los agentes con todos esos medios prometidos ayer y que todo esto no se convierta en otra de sus estrategias fallidas y acabe desprestigiando precisamente al Cuerpo.

Tamén poden facer o propio coa Subdelegación do Goberno e apoiar tamén ao resto de forzas e corpos de seguridade que seguen traballando en precario, ou isto tamén é competencia da Xunta de Galicia?

Por todo o anterior, desde o Grupo Popular propoñemos, primeiro, convocar canto antes a Xunta Local de Seguridade. Xa se tiña que ter convocado mesmo de modo extraordinario anteriormente e dada a situación que atravesamos a nosa cidade.

En segundo lugar, e no seo desa xunta, establecer un plan de seguridade específico contra a okupación ilegal de inmobles que inclúa controis policiais xornais que eviten as okupacións en menos de 24 horas e dean maior presenza policial nas rúas, chámenla de barrio, comunitaria, como lles pete; unha canle de información directa para os afectados; un equipo municipal de atención multidisciplinar para as persoas que poidan atoparse en situación de vulnerabilidade social; e finalmente, facer campañas de concienciación sobre o consumo de alcol e drogas dirixidas principalmente, pero non só, aos máis novos no marco do Plan local de Saúde Mental.

En calquera caso, señora Rey, recoméndolle que para o seguinte capítulo de autogabanza siga copiando as nosas ideas, temos moitas e moi boas, aínda que para entón mesmo as melloraremos.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Catalán, grazas ó Grupo Popular.

Turno para o BNG, señor Soto.

También pueden hacer lo propio con la Subdelegación del Gobierno y apoyar también al resto de fuerzas y cuerpos de seguridad que siguen trabajando en precario ¿o esto también es competencia de la Xunta de Galicia?

Por todo lo anterior, desde el Grupo Popular proponemos, primero, convocar cuanto antes la Junta Local de Seguridad. Ya se tenía que haber convocado incluso de modo extraordinario anteriormente y dada la situación que atraviesa nuestra ciudad.

En segundo lugar, y en el seno de esa junta, establecer un plan de seguridad específico contra la okupación ilegal de inmuebles que incluya controles policiales periódicos que eviten las ocupaciones en menos de 24 horas y den mayor presencia policial en las calles, llámenla de barrio, comunitaria, como les plazca; un canal de información directo para los afectados; un equipo municipal de atención multidisciplinar para las personas que puedan encontrarse en situación de vulnerabilidad social; y finalmente, hacer campañas de concienciación sobre el consumo de alcohol y drogas dirigidas principalmente, pero no solo, a los más jóvenes en el marco del Plan local de Salud Mental.

En cualquier caso, señora Rey, le recomiendo que para el siguiente capítulo de autobombo siga copiando nuestras ideas, tenemos muchas y muy buenas, aunque para entonces incluso las habremos mejorado.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Catalán, gracias al Grupo Popular.

Turno para el BNG, señor Soto.

Señor Soto Díaz

Grazas, señora alcaldesa.

Esta é a cuarta vez que o Partido Popular trae unha iniciativa sobre okupación no que vai do primeiro ano de mandato, desta volta con datos, así que eu tamén busquei datos e pregunteime: que probabilidade ten unha persoa da Provincia da Coruña de sufrir unha okupación? Fíxense, segundo o Ministerio do Interior, no ano 2023 houbo na nosa provincia 89 vítimas de okupación. No mesmo período habitaban na nosa provincia 1.123.874 persoas. Saben que porcentaxe de probabilidade ten unha persoa na nosa provincia de sufrir unha okupación? 0,0079 %. Catro mocións por un delito que non afecta nin a unha de cada 10.000 persoas. Para velo con perspectiva, a probabilidade de que unha muller sufra un delito contra a liberdade sexual é oito veces máis alta, e de que unha muller sufra malos tratos no fogar, 28 veces máis alta.

Ogallá fose a okupación o principal problema de seguridade na nosa sociedade e dígoo de verdade, porque iso significaría que moita máis xente tería unha vivenda á que chamar súa, pero esta non é a realidade. A realidade é que vivimos na cidade máis cara de Galiza, que os prezos non paran de subir e que moita xente ten que destinar a meirande parte do seu salario a pagar un alugueiro.

E falo de vivenda porque cando vostedes presentan este problema sobredimensionado, moito máis grave do que é, do que indican as estatísticas, vostedes están creando un escenario irreal, pero un escenario propicio para que o mercado da vivenda non estea suxeito a ningún tipo de límite nin consideración social. Disto é do que estamos a falar hoxe aquí.

Señor Soto Díaz

Gracias, señora alcaldesa.

Esta es la cuarta vez que el Partido Popular trae una iniciativa sobre okupación en lo que va del primero año de mandato, en esta ocasión con datos, así que yo también busqué datos y me pregunté: ¿qué probabilidad tiene una persona de la Provincia de A Coruña de sufrir una okupación? Fíjense, según el Ministerio del Interior, en el año 2023 hubo en nuestra provincia 89 víctimas de okupación. En el mismo período habitaban en nuestra provincia 1.123.874 personas. ¿Saben qué porcentaje de probabilidad tiene una persona en nuestra provincia de sufrir una okupación? 0,0079 %. Cuatro mociones por un delito que no afecta ni a una de cada 10.000 personas. Para verlo con perspectiva, la probabilidad de que una mujer sufra un delito contra la libertad sexual es ocho veces más alta, y de que una mujer sufra maltrato en el hogar, 28 veces más alta.

Ojalá fuera la okupación el principal problema de seguridad en nuestra sociedad y lo digo de verdad, porque eso significaría que mucha más gente tendría una vivienda a la que llamar suya, pero esta no es la realidad. La realidad es que vivimos en la ciudad más cara de Galicia, que los precios no paran de subir y que mucha gente tiene que destinar la mayor parte de su salario a pagar un alquiler.

Y hablo de vivienda porque cuando ustedes presentan este problema sobredimensionado, mucho más grave de lo que es, de lo que indican las estadísticas, ustedes están creando un escenario irreal, pero un escenario propicio para que el mercado de la vivienda no esté sujeto a ningún tipo de límite ni consideración social. De esto es de lo que estamos hablando hoy aquí.

Buscan que non se limiten os prezos, que a lexislación deixe indefensos e indefensas, e sen dereitos, ós inquilinos. Noutras palabras: están creando o escenario para que o dereito á vivenda non sexa iso, un dereito, senón un privilexio.

Busquei na prensa os problemas reais da cidadanía da Coruña. Unha psicóloga, hai un mes, criticaba: moita xente pasa pola miña consulta sufrindo moito polo rexeitamento á hora de buscar piso, séntense como persoas fracasadas. Dous veciños, Patricia e Gabriel, relataban como os botaron do seu apartamento cos seus dous fillos menores de idade para facer vivendas de uso turístico. Outra persoa relataba que os propietarios obrigan xa ós inquilinos a sufragar o seguro de impago. Outro testemuño dunha inquilina dicía que ir a buscar piso é como se che quitasen a roupa e te inspeccionasen, e todo para poder sentir que ó final para esta xente non vales nada.

Dende a dereita repiten a trola esa de que a lexislación actual promove a okupación. A min gustárame que isto fose un diálogo para que nos explicasen a todas e todos que precepto da Lei de Vivenda promove a okupación. Por certo, unha lei que é insuficiente, como pon de relevo que a estas alturas nin a Xunta nin o Concello declarase a nosa cidade como zona tensionada para así de impedir o incremento desmedido do prezo da vivenda.

Non hai que esquecer que este maltrato do dereito á vivenda non podería ser posíbel sen a cooperación necesaria en forma de comisión por omisión do PSOE dentro do Estado.

Para facelo todo máis sensacionalista, vostedes aproveitan para falar na súa moción de narcopisos. Nós,

Buscan que no se limiten los precios, que la legislación deje indefensos e indefensas, y sin derechos, a los inquilinos. En otras palabras: están creando el escenario para que el derecho a la vivienda no sea eso, un derecho, sino un privilegio.

Busqué en la prensa los problemas reales de la ciudadanía de A Coruña. Una psicóloga, hace un mes, criticaba: mucha gente pasa por mi consulta sufriendo mucho por el rechazo a la hora de buscar piso, se sienten como personas fracasadas. Dos vecinos, Patricia y Gabriel, relataban como los echaron de su apartamento con sus dos hijos menores de edad para hacer viviendas de uso turístico. Otra persona relataba que los propietarios obligan ya a los inquilinos a sufragar el seguro de impago. Otro testimonio de una inquilina decía que ir a buscar piso es como si te quitaran la ropa y te inspeccionaran, y todo para poder sentir que al final para esta gente no vales nada.

Desde la derecha repiten la trola esa de que la legislación actual promueve la okupación. A mí me gustaría que esto fuera un diálogo para que nos explicaran a todas y todos qué precepto de la Ley de Vivienda promueve la okupación. Por cierto, una ley que es insuficiente, como pone de relieve que a estas alturas ni la Xunta ni el Ayuntamiento declarara nuestra ciudad como zona tensionada para así de impedir el incremento desmedido del precio de la vivienda.

No hay que olvidar que este maltrato del derecho a la vivienda no podría ser posible sin la cooperación necesaria en forma de comisión por omisión del PSOE dentro del Estado.

Para hacerlo todo más sensacionalista, ustedes aprovechan para hablar en su moción de narcopisos. Nosotros,

evidentemente, estamos preocupados polos problemas de convivencia que xorden, pero tratamos estes problemas con seriedade. Nunca se nos ocorrería convocar a unha masa enfurecida para acosar a unha persoa con problemas de drogadicción, como fixeron en Monte Alto. Nunca se nos ocorrería animar a ninguén a tomar a xustiza pola súa man.

Nós coincidimos na necesidade de que as forzas de seguridade pública eviten a escalada dos problemas de convivencia e por iso non emendamos, lóxicamente, esa parte da súa proposta. Si emendamos a súa exigencia de medidas específicas dende o Plan de Saúde Mental, porque o Plan Local de Saúde Mental non está pensado para casos de patoloxía dual que deben ser abordados con outras ferramentas, senón que está pensado para promover o coidado cotián da saúde mental na veciñanza, o cal é moi necesario. E para a abordaxe específica da drogadicción, dende o BNG temos promovido e este pleno ten aprobado por unanimidade a posta en marcha dun plan local de saúde pública, un plan que aumente os recursos dispoñibles para as entidades que están ó pé **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** (...) —vou rematando— que incrementa a información na mocidade sobre os riscos do abuso de drogas, que involucre ó Sergas na solución.

Nós levamos meses preguntándolle ó Goberno local por que demora tanto en redactar o programa e seguimos sen obter unha resposta que indique un compromiso claro pola súa parte, pero tampouco parece que o PP teña demasiado interese nese plan local de seguridade pública.

Na nosa emenda tamén rexeitamos a súa proposta dunha canle de información a vítimas de okupación. Esta ocorrencia xa

evidentemente, estamos preocupados por los problemas de convivencia que surgen, pero tratamos estos problemas con seriedad. Nunca se nos ocurriría convocar a una masa enfurecida para acosar a una persona con problemas de drogadicción, como hicieron en Monte Alto. Nunca se nos ocurriría animar a nadie a tomar la justicia por su mano.

*Nosotros coincidimos en la necesidad de que las fuerzas de seguridad pública eviten la escalada de los problemas de convivencia y por eso no emendamos, lógicamente, esa parte de su propuesta. Sí emendamos su exigencia de medidas específicas desde el Plan de Salud Mental, porque el Plan Local de Salud Mental no está pensado para casos de patología dual que deben ser abordados con otras herramientas, sino que está pensado para promover el cuidado cotidiano de la salud mental en el vecindario, lo cual es muy necesario. Y para el abordaje específico de la drogadicción, desde el BNG hemos promovido y este pleno ha aprobado por unanimidad la puesta en marcha de un plan local de salud pública, un plan que aumente los recursos disponibles para las entidades que están al pie **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** (...) —voy finalizando— que incrementa la información en la juventud sobre los riesgos del abuso de drogas, que involucre al Sergas en la solución.*

Nosotros llevamos meses preguntándole al Gobierno local por qué se demora tanto en redactar el programa y seguimos sin obtener una respuesta que indique un compromiso claro por su parte, pero tampoco parece que el PP tenga demasiado interés en ese plan local de seguridad pública.

En nuestra enmienda también rechazamos su propuesta de un canal de información a víctimas de okupación. Esta ocurrencia ya



a tiveron en Castela e León, onde van de ganchillo de Vox, mais resultou ser un auténtico fracaso. Recibiron menos dunha consulta por día nunha comunidade autónoma de 8 provincias. En Galiza, 30 consultas ó ano. Eu creo que propoñen isto porque están que proen porque o BNG lle teña obrigado ó Goberno municipal a constituír unha oficina de atención ós inquilinos e inquilinas, unha oficina que foi recentemente anunciada e que ía incluída no acordo de investidura.

Outra medida que exigen na súa moción é o aumento de controis policiais para evitar os delitos de usurpación, evitando, textualmente, okupacións en menos de 24 horas. Isto quero deixalo claro, exixirlle a un axente de policía desalojar un inmoble porque alguén alega que extrajudicialmente que se produciu unha okupación ilegal é exixirlle a un axente de policía que cometa un delito. Nós non imos aprobar nun pleno semexante aberración xurídica.

Finalizo. Vostedes din querer crear unha cultura da prevención e da seguridade, pero con esta moción o que realmente queren é crear unha cultura da desconfianza onde todos sexamos inimigos de todos. Vostedes queren que cando un veciño chegue a novo a veciñanza se pregunte: por que está aquí? Será un okupa, traerá problemas?

Nós queremos que todo siga como sempre, que cando un veciño chegue a novo (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) —remato— cando chegue a novo a veciñanza vexa un amigo potencial, alguén a quen acudir cando se precisa axuda e a quen auxiliar cando o necesite.

Grazas.

la tuvieron en Castilla y León, donde van del ganchete de Vox, pero resultó ser un auténtico fracaso. Recibieron menos de una consulta por día en una comunidad autónoma de 8 provincias. En Galicia, 30 consultas al año. Yo creo que proponen esto porque están que trinan porque el BNG le haya obligado al Gobierno municipal a constituir una oficina de atención a los inquilinos e inquilinas, una oficina que fue recientemente anunciada y que iba incluida en el acuerdo de investidura.

Otra medida que exigen en su moción es el aumento de controles policiales para evitar los delitos de usurpación, evitando, textualmente, ocupaciones en menos de 24 horas. Esto quiero dejarlo claro, exigir a un agente de policía desalojar un inmueble porque alguien alega que extrajudicialmente que se produjo una okupación ilegal es exigir a un agente de policía que cometa un delito. Nosotros no vamos a aprobar en un pleno semejante aberración jurídica.

Finalizo. Ustedes dicen querer crear una cultura de la prevención y de la seguridad, pero con esta moción lo que realmente quieren es crear una cultura de la desconfianza donde todos seamos enemigos de todos. Ustedes quieren que cuando un vecino llegue joven el vecindario se pregunte: ¿por qué está aquí? ¿Será un okupa, traerá problemas?

*Nosotros queremos que todo siga como siempre, que cuando un vecino llegue a joven (se oyen dos señales acústicas **indicativas de la finalización del tiempo de intervención**) —finalizo— cuando llegue a joven el vecindario vea a un amigo potencial, alguien a quién acudir cuando se necesita ayuda y a quién auxiliar cuando lo necesite.*

Gracias.



Presidencia

Moitas grazas, señor Soto.

Turno para o Grupo Socialista, señora Paz.

Señora Paz Romero

Bos días a todos e todas, señora alcaldesa.

O Plan Local de Seguridade si está redactado desde febreiro. Este plan local de seguridade é un desenvolvemento, o Plan Local de Seguridade é un protocolo, un marco, un contexto. Este plan local de seguridade levamos meses traballando nel, pero parece que o esforzo e o traballo non é valorado, é mellor non facer nada.

Este plan está vertebrado en cinco áreas principais. No relativo á primeira área, que fai referencia aos recursos humanos, continuaremos coa ampliación do número de efectivos de policía e coa mellora da súa formación.

O segundo eixo do Plan incide nunha maior presenza policial na rúa. Incrementarase, reforzase a presenza en zonas comerciais e puntos identificados como sensibles, aqueles con maior presenza de persoas ou posibilidade de comisión de infraccións. Tamén serán obxecto de reforzo os considerados puntos críticos por existir unha maior alarma veciñal e co obxectivo de mellorar a cota de seguridade.

O terceiro eixo constitúe a estratexia de policía comunitaria. Crearase como estratexia de encontro a Mesa de Seguridade e Convivencia da que formarán parte as entidades veciñais, comercio, hostalería e Policía Local e Nacional. Poñerase, así mesmo, en marcha un convenio co Colexio de

Presidencia

Muchas gracias, señor Soto.

Turno para el Grupo Socialista, señora Paz.

Señora Paz Romero

Buenos días a todos y todas, señora alcaldesa.

El Plan Local de Seguridad sí está redactado desde febrero. Este plan local de seguridad es un desarrollo, el Plan Local de Seguridad es un protocolo, un marco, un contexto. Este plan local de seguridad llevamos meses trabajando en él, pero parece que el esfuerzo y el trabajo no es valorado, es mejor no hacer nada.

Este plan está vertebrado en cinco áreas principales. En lo relativo a la primera área, que hace referencia a los recursos humanos, continuaremos con la ampliación del número de efectivos de policía y con la mejora de su formación.

El segundo eje del Plan incide en una mayor presencia policial en la calle. Se incrementará, se reforzará la presencia en zonas comerciales y puntos identificados como sensibles, aquellos con mayor presencia de personas o posibilidad de comisión de infracciones. También serán objeto de refuerzo los considerados puntos críticos por existir una mayor alarma vecinal y con el objetivo de mejorar la cuota de seguridad.

El tercer eje lo constituye la estrategia de policía comunitaria. Se creará como estrategia de encuentro la Mesa de Seguridad y Convivencia de la que formarán parte las entidades vecinales, comercio, hostelería y Policía Local y Nacional. Se pondrá, asimismo, en marcha un convenio con el Colegio de Abogados

Avogados para asesorar ás comunidades de veciños, por unha banda, das actuacións para realizar respecto a actividades insalubres ou que perturben a convivencia da comunidade, así como tamén asesorar aos propietarios e propietarias dos trámites a realizar cando a súa vivenda foi ocupada.

Neste contexto destaca e xa está a se executar, executándose, creouse un novo servizo de mediación da Policía Local integrado por axentes que contan con formación especializada. Ten como obxectivo facilitar a resolución adecuada de conflitos veciñais, especialmente os que xeran malestar na comunidade.

Outro eixo deste plan é reforzar o avance tecnolóxico. Co obxectivo de obter unha resposta máis áxil e eficaz por parte da Policía créase o mapa de seguridade da cidade. No mapa rexístranse os puntos sensíbles e críticos, así como os incidentes abertos en tempo real. Este mapa está dispoñible, está dispoñible xa, na Sala do 092. As patrullas poderán acceder en breve en tempo real a este mapa de seguridade a través de dispositivos móbiles.

Sinalar, por último, que se traballa en canto ao reforzo tecnolóxico, trabállase tamén nunha app de reforzo de seguridade nos comercios que permitirá a conexión inmediata dos comercios coa Policía a través dos seus teléfonos móbiles.

E para finalizar, desde unha concepción do delito e das infraccións desde unha perspectiva multidisciplinar, desde unha perspectiva social, poñerase en marcha un estudo coa Universidade da Coruña para a elaboración dun plan local sobre drogas, e para iso demandamos unha maior implicación da Xunta de Galicia como responsable da competencia en

para asesorar a las comunidades de vecinos, por un lado, de las actuaciones a realizar respecto a actividades insalubres o que perturben la convivencia de la comunidad, así como también asesorar a los propietarios y propietarias de los trámites a realizar cuando su vivienda ha sido ocupada.

En este contexto destaca y ya está ejecutándose, ejecutándose, se ha creado un nuevo servicio de mediación de la Policía Local integrado por agentes que cuentan con formación especializada. Tiene como objetivo facilitar la resolución adecuada de conflictos vecinales, especialmente los que generan malestar en la comunidad.

Otro eje de este plan es reforzar el avance tecnológico. Con el objetivo de obtener una respuesta más ágil y eficaz por parte de la Policía se crea el mapa de seguridad de la ciudad. En el mapa se registran los puntos sensibles y críticos, así como los incidentes abiertos en tiempo real. Este mapa está disponible, está disponible ya, en la Sala del 092. Las patrullas podrán acceder en breve en tiempo real a este mapa de seguridad a través de dispositivos móviles.

Señalar, por último, que se trabaja en cuanto al refuerzo tecnológico, se trabaja también en una app de refuerzo de seguridad en los comercios que permitirá la conexión inmediata de los comercios con la Policía a través de sus teléfonos móviles.

Y para finalizar, desde una concepción del delito y de las infracciones desde una perspectiva multidisciplinar, desde una perspectiva social, se pondrá en marcha un estudio con la Universidad de A Coruña para la elaboración de un plan local sobre drogas, y para ello demandamos una mayor implicación de la Xunta de Galicia como responsable de la competencia en sanidad.



sanidade.

O camiño é traballar e niso estamos.

Grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Paz.

Entendínlle, señora Catalán, que non aceptaban a emenda do BNG. Polo tanto, imos votar —un momento, señora Neira, imos votar—, imos votar a emenda do BNG en primeiro lugar e despois, de non prosperar, se votaría a moción do Partido Popular.

Votación da emenda presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego á segunda moción do Grupo municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego á segunda moción do Grupo municipal do Partido Popular, sobre a redacción dun plan de seguridade específico contra a ocupación ilegal de inmobles, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Ben, pois prospera a emenda e quedaría así. Grazas ó Partido Popular.

109. Moción do Grupo municipal do

El camino es trabajar y en ello estamos.

Gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Paz.

Le entendí, señora Catalán, que no aceptaban la enmienda del BNG. Por lo tanto, vamos a votar —un momento, señora Neira, vamos a votar—, vamos a votar la enmienda del BNG en primer lugar y después, de no prosperar, se votaría la moción del Partido Popular.

Votación de la enmienda presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego a la segunda moción del Grupo municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego a la segunda moción del Grupo municipal del Partido Popular, sobre la redacción de un plan de seguridad específico contra la ocupación ilegal de inmuebles, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Ben, pues prospera la enmienda y quedaría así. Gracias al Partido Popular.

109. Moción del Grupo municipal del



Partido Popular emendada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista galego relativa á redacción dun plan de seguridade específica contra a okupación ilegal de inmóbeis.

Acordo

Instar a alcaldesa a:

1. Convocar á maior brevidade a Xunta Local de Seguridade, que debería reunirse cada seis meses, pero que pode facelo con maior periodicidade se as circunstancias así o requiren. A situación de inseguridade que atravesamos é motivo máis que suficiente para facelo hai meses.

2. No seo da dita Xunta, establecer un Plan Local de Seguridade específico contra a okupación ilegal de inmobles que permita ao Concello:

- Cando se teña coñecemento dalgún caso, controlar de maneira periódica e coordinada os focos usurpados ou achandados que:

a) Enchan de insalubridade edificios, comunidades ou edificios enteiros, provocando danos en bens ou estruturais que poidan ser irreversibles.

b) Erixanse como denominados “puntos quentes” de inseguridade pola proliferación de actos delituosos relacionados co tráfico de drogas, os roubos con violencia e intimidación ou as agresións sexuais.

c) En consecuencia, xeren problemas de convivencia entre veciños, comerciantes e hostaleiros que se acaban enquistando, como ocorreu co 120 da rolda de Nelle.

- Crear un Equipo municipal de atención integral ás persoas que se poidan atopar

Partido Popular enmendada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego relativa a la redacción de un plan de seguridad específica contra la okupación ilegal de inmuebles.

Acuerdo

Instar a la alcaldesa a:

1. Convocar con la mayor brevedad la Junta Local de Seguridad, que debería reunirse cada seis meses, pero que puede hacerlo con mayor periodicidad si las circunstancias así lo requieren. La situación de inseguridad que atraviesa nuestra ciudad es motivo más que suficiente para haberlo hecho hace meses.

2. En el seno de dicha Junta, establecer un Plan Local de Seguridad específico contra la okupación ilegal de inmuebles que permita al Concello:

- Cuando se tenga conocimiento de algún caso, controlar de manera periódica y coordinada los focos usurpados o allanados que:

a) Llenen de insalubridad edificios, comunidades o edificios enteros, provocando daños en bienes o estructurales que puedan ser irreversibles.

b) Se erijan como denominados “puntos calientes” de inseguridad por la proliferación de actos delictivos relacionados con el tráfico de drogas, los robos con violencia e intimidación o las agresiones sexuales.

c) En consecuencia, generen problemas de convivencia entre vecinos, comerciantes y hosteleros que se acaban enquistando, como ocurrió con el 120 de la ronda de Nelle.

- Crear un Equipo municipal de atención integral a las personas que se puedan



en situación de vulnerabilidade social e que se vexan abocados á ocupación ilegal como vía de subsistencia. O devandito equipo deberá ser de carácter interdisciplinar, que actúe coordinadamente cos servizos sociais, policiais, servizos xurídicos e servizos de saúde, levando a cabo reunións periódicas para favorecer unha solución colectiva adecuada a todos os casos.

3. Publicar e executar a maior brevidade o Plan Local de Saúde Pública aprobado no primeiro Pleno deste mandato, que ten como obxectivo diminuír o consumo de drogas entre a mocidade da Coruña.

Intervencións

Presidencia

Pasamos xa ás preguntas orais.

Poden saír os concelleiros... Agora si, si.

Que quere facer unha pregunta? Ah! A primeira non lle toca. Se lle dá tempo. A primeira é para o señor Castro. Si, a ver.

Ás trece horas e corenta e oito minutos saen do Salón de Sesións as señoras Neira Fernández, No Varela e Sobral Cabanas, e os señores Díaz Gallego, Lorenzo Torres, Deus Álvarez, Coira Andrade e García Fernández.

4º. Preguntas de resposta oral.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeira. Pregunta de resposta oral sobre o compromiso do Goberno local coas festas dos barrios.

Presidencia

encontrar en situación de vulnerabilidad social y que se vean abocados a la ocupación ilegal como vía de subsistencia. Dicho equipo deberá ser de carácter interdisciplinar, que actúe coordinadamente con servicios sociales, policiales, servicios jurídicos y servicios de salud, llevando a cabo reuniones periódicas para favorecer una solución colectiva adecuada a todos los casos.

3. Publicar y ejecutar a la mayor brevedad el Plan Local de Salud Pública aprobado en el primer Pleno de este mandato, que tiene como objetivo disminuir el consumo de drogas entre la juventud de A Coruña.

Intervenciones

Presidencia

Pasamos ya a las preguntas orales.

Pueden salir los concejales... Ahora sí, sí.

¿Que quiere hacer una pregunta? ¡Ah! La primera no le toca. Si le da tiempo. La primera es para el señor Castro. Sí, a ver.

A las trece horas y cuarenta y ocho minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Neira Fernández, No Varela y Sboral Cabanas, y los señores Díaz Gallego, Lorenzo Torres, Deus Álvarez, Coira Andrade y García Fernández.

4º. Preguntas de respuesta oral.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primera. Pregunta de respuesta oral sobre el compromiso del Gobierno local con las fiestas de los barrios.

Presidencia



Ben, estamos. Primeira pregunta do Bloque Nacionalista Galego sobre o compromiso do Goberno local coas festas dos barrios. Ten a palabra o señor Soto.

Señor Soto Díaz

Grazas, señora alcaldesa.

Que compromiso ten o Goberno local coas festas nos barrios?

Señor Castro Prado

Pois o compromiso dun goberno que se ten convertido no goberno que máis ten apoiado as festas dos barrios na historia deste concello.

Señor Soto Díaz

Quero comezar por lembrar que as festas nos barrios da Coruña foron impulsadas polo goberno do alcalde nacionalista Domingos Merino para fortalecer a organización veciñal e tecer lazos de amizade entre a veciñanza creando así sentido de pertenza ó barrio, todos eles valores progresistas que nós seguimos a defender.

Continuamos sostendo, así, que a finalidade lúdica das festas é tan importante como esta función de cohesión social que describía. Aínda a día de hoxe as festas de barrio son as únicas que acollen actividades para todos os públicos na Coruña, que dan un espazo ás artistas emerxentes do barrio e que outorgan protagonismo ós deportes minoritarios. Por iso cremos que as festas de barrio deben ser coidadas e promovidas dende o Concello.

Ás trece horas e corenta e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.

Bien, estamos. Primera pregunta del Bloque Nacionalista Galego sobre el compromiso del Gobierno local con las fiestas de los barrios. Tiene la palabra el señor Soto.

Señor Soto Díaz

Gracias, señora alcaldesa.

¿Qué compromiso tiene el Gobierno local con las fiestas en los barrios?

Señor Castro Prado

Pues el compromiso de un gobierno que se ha convertido en el gobierno que más ha apoyado las fiestas de los barrios en la historia de este ayuntamiento.

Señor Soto Díaz

Quiero comenzar por recordar que las fiestas en los barrios de A Coruña fueron impulsadas por el gobierno del alcalde nacionalista Domingos Merino para fortalecer la organización vecinal y tejer lazos de amistad entre el vecindario creando así sentido de pertenencia al barrio, todos ellos valores progresistas que nosotros seguimos defendiendo.

Continuamos sosteniendo, así, que la finalidad lúdica de las fiestas es tan importante como esta función de cohesión social que describía. Aún a día de hoy las fiestas de barrio son las únicas que acogen actividades para todos los públicos en A Coruña, que dan un espacio a las artistas emergentes del barrio y que otorgan protagonismo a los deportes minoritarios. Por eso creemos que las fiestas de barrio deben ser cuidadas y promovidas desde el Ayuntamiento.

A las trece horas y cuarenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.

Así que formulamos esta pregunta porque estamos preocupados pola actitude que vén amosando o Goberno Local dende hai un tempo coas asociacións de veciños dos barrios, unha actitude que ten ido acentuándose co tempo e que se pode resumir nunha palabra: desidia. Desidia polo diálogo, pola colaboración coas asociacións e polo financiamento das festas. Sabemos que esta desidia ten levado a que unha asociación de veciños renunciara a organizar as festas este mesmo ano, sabemos que outra tivo que poñer diñeiro do seu peto para sufragar os gastos dos baños portátiles, sabemos que outra tivo que coñecer tarde e mal que o orzamento quedaba recurtado nun 50 %, tendo que romper compromisos que xa adquirira.

Ás trece horas e cincuenta minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Sendo conscientes de todo iso, pero só logo de que rexistrásemos esta pregunta e, como xa é habitual no Goberno municipal, veu a anunciar publicamente que para o ano 2025 aumentaría un 25 % a dotación orzamentaria para festas dos barrios e que serán estas as que organicen de principio a fin as actividades das festas. Pero hai unha cara oculta nesta solución. As asociacións terán que adiantar os cartos dos seus fondos e o pagamento demorará meses, como adoita acontecer, entre outros problemas.

Eu quérolle preguntar se considera vostede, señor Castro, que é coidar das asociacións veciñais facer que teñan que afrontar investimentos de ata 20.000 € coa incertidume de cando a recuperarán; se considera vostede que é coidar das asociacións veciñais poñelas a organizar polo miúdo as festas dos barrios obrigándoas a ter que enfrontarse a máis

Así que formulamos esta pregunta porque estamos preocupados por la actitud que viene mostrando el Gobierno Local desde hace un tiempo con las asociaciones de vecinos de los barrios, una actitud que ha ido acentuándose con el tiempo y que se puede resumir en una palabra: desidia. Desidia por el diálogo, por la colaboración con las asociaciones y por la financiación de las fiestas. Sabemos que esta desidia ha llevado a que una asociación de vecinos haya renunciado a organizar las fiestas este mismo año, sabemos que otra tuvo que poner dinero de su bolsillo para sufragar los gastos de los baños portátiles, sabemos que otra tuvo que conocer tarde y mal que el presupuesto quedaba recortado en un 50 %, teniendo que romper compromisos que ya había adquirido.

A las trece horas y cincuenta minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Siendo conscientes de todo eso, pero solo después de que registráramos esta pregunta y, como ya es habitual en el Gobierno municipal, vino a anunciar públicamente que para el año 2025 aumentaría un 25 % la dotación presupuestaria para fiestas de los barrios y que serán estas las que organicen de principio a fin las actividades de las fiestas. Pero hay una cara oculta en esta solución. Las asociaciones tendrán que adelantar el dinero de sus fondos y el pago se demorará meses, como suele suceder, entre otros problemas.

Yo le quiero preguntar si considera usted, señor Castro, que es cuidar de las asociaciones vecinales hacer que tengan que afrontar inversiones de hasta 20.000 € con la incertidumbre de cuándo la recuperarán; si considera usted que es cuidar de las asociaciones vecinales ponerlas a organizar al por menor las fiestas de los barrios obligándolas a tener

burocracia; se considera vostede que é coidar das asociacións veciñais deseñar un novo mecanismo de financiamento das festas de barrio sen consultalas e escoitalas, de forma que se teñan que enterar pola prensa.

Eu quero pedirllas aquí que rectifiquen o modelo que veñen de anunciar, que senten coas asociacións e que deseñen un modelo de financiamento de festas que sexa previsíbel, que lles dea seguridade e que sexa economicamente viábel, un modelo no que o Concello non ande desaparecido todo o ano para meter prisa na quincena anterior ás festas, un modelo no que as asociacións vexan no Concello a un aliado que facilita o exercicio do dereito de asociación e non que o entorpece. En fin, pídolles que o seu Goberno en minoría asuma que apoiar o asociacionismo veciñal tamén é coidar dos barrios e tecer a rede sobre a que se edifica unha cidade participativa, activa e unida.

Grazas.

Ás trece horas e cincuenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.

Señor Castro Prado

Moitas grazas.

